



**VISITAR,
COMERCIAR
E HABITAR
A CIDADE**

DESENVOLVIMENTO DO PROXECTO
EXPOSITIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL
EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

ZÓSIMO LÓPEZ PENA
ROBERTO SAMARTIM
RAQUEL BELLO VÁZQUEZ
CARLOS PAZOS-JUSTO
ÁLVARO IRIARTE SANROMÁN
SUSANA SOTELO DOCÍO

VISITAR, COMERCIAR E HABITAR A CIDADE

DESENVOLVIMENTO DO PROXECTO
EXPOSITIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL
EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

ZÓSIMO LÓPEZ PENA
ROBERTO SAMARTIM
RAQUEL BELLO VÁZQUEZ
CARLOS PAZOS-JUSTO
ÁLVARO IRIARTE SANROMÁN
SUSANA SOTELO DOCÍO

REDE GALABRA/
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN. As “Exposicións Sectoriais” no cadro do proxecto expositivo <i>A Cidade, o Camiño e Nós</i> e do Compromiso Social Investigador	7
II. A CIDADE E QUEN A VISITA. O (des)coñecemento (da complexidade) do local.....	17
II.1. Quen nos visita e para que vén?	19
II.2. Que ideas teñen de Santiago e de nós?.....	23
II.3. Que veñen coñecer de/en Santiago?.....	26
II.4. Como falan da cidade e de nós?	27
II.5. Que consume quen nos visita?	30
II.6. Como consideramos a presenza de visitantes?	33
III. A CIDADE E OS SEUS ESPAZOS COMERCIAIS. A concentración (tamén) comercial na Zona Vella e a escasa intersección entre visitantes e habitantes	35
III.1. Gastronomía.....	37
III.2. Produtos estrela	43
III.3. Xeografía da oferta comercial e tipos de negocio	45
III.4. Quen se parece máis connosco, nas prácticas e nas opinións?	64
IV. A CIDADE E QUEN A HABITA. A comunidade local olla e (re)pensa (a diversidade de) Santiago de Compostela	65
IV.1. O sentimento de pertenza e o gusto pola cidade	69
IV.2. Espazos e lugares que nos representan, que queremos, que usamos... ..	77
IV.3. O turismo e nós: a percepción da mudanza dos modos de vida (polo turismo)	94
V. A comunicación, a interacción e o retorno no proceso de transferencia da investigación presentado en forma expositiva.....	111

I.

INTRODUCCIÓN

As “Exposicións Sectoriais” no cadro do proxecto expositivo *A Cidade, o Camiño e Nós* e do Compromiso Social Investigador

Este volume foi concebido como máis unha peza do traballo de transferencia e divulgación realizado pola equipa de investigación que, dentro da Rede Galabra, estuda as “Narrativas, usos e consumos de visitantes como aliados ou ameazas para o benestar da comunidade local”, proxecto parcialmente subsidiado por Fondos FEDER e polo *Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades* do goberno español (Referencia FFI2017-88196-R).

Ao abrigo dun convenio co Concello de Santiago e a partir da exploración feita –fundamentalmente, através de cuestionarios e de entrevistas– con relación á percepción da cidade de Santiago, ao sentimento comunitario, aos modos de vida e ás prácticas de persoas locais e tamén de visitantes en Compostela, o grupo Galabra da Universidade de Santiago de Compostela (USC) concebiu a realización de catro exposicións, unha delas chamada “Exposición Central”, de carácter estático e ao ar libre –que foi a primeira a ser elaborada e mostrada ao público– e outras tres, destinadas a circularen por diversos espazos interiores nos cales podían ser visitadas unha de cada vez, referidas como “Exposicións Sectoriais” pola especialización temática con que foron definidas.

Elias J. Torres Feijó e Marisa del Río Araújo, do grupo Galabra – USC, foron responsábeis pola coordinación xeral do Proxecto Expositivo que respondeu ao título “Discursos, imaxes e prácticas culturais sobre Santiago de Compostela como meta dos Camiños de Santiago”, do cal resultaron, por un lado, a exposición central *A Cidade, o Camiño e Nós*, patente na Alameda de Santiago de Compostela entre maio e xullo de 2019¹, de cuxo comisariado xeral se encarregaron M. Felisa Rodríguez Prado e Emilio Carral Vilariño,

¹ Materiais accesíbeis en <https://redegalabra.org/exposicion-a-cidade-o-camino-e-nos/>, https://redegalabra.org/wp-content/uploads/2019/05/Exposicion_Galego_Castellano_English.pdf

ambos do grupo Galabra – USC; e, por outro lado, tres exposicións temáticas que circularon por Centros Socioculturais (CSC) do Concello de Santiago de Compostela desde os inicios de outubro de 2019 até os finais de xaneiro de 2020 e foron organizadas á volta dos asuntos reflectidos por medio dos seguintes títulos:

A cidade e os seus espazos comerciais, comisariada por Álvaro Iriarte Sanromán (Galabra – UMinho, Portugal) e Roberto Samartim (Universidade da Coruña); *A cidade e quen a habita*, con comisariado de Zósimo López Pena (Universidad Internacional de La Rioja) e Irene Pichel Iglesias (Galabra – USC); *A cidade e quen a visita*, comisariada por Carlos Pazos Justo (Galabra – UMinho, Portugal) e Raquel Bello Vázquez (Centro Universitário Ritter dos Reis – UniRitter, Brasil)².

Así, até 18 de xuño de 2019 estiveron expostos na Alameda compostelana, ao dispor tanto de residentes como de visitantes, algúns resultados sobre as interaccións entre habitantes e visitantes relativos aos hábitos de uso de espazos e de consumos comerciais. Despois da pausa estival foi organizada a presentación en tres entregas de novos resultados, esta vez deseñadas como tres exposicións sectoriais con organización temática, marcando así a vontade de ofrecer informacións complementarias e aprofundadas, especificamente destinadas á cidadanía compostelana, relativas ás investigacións (desenvolvidas desde o ano 2008 pola equipa de Galabra) en que son atendidas as visións culturais do turismo referidas a Compostela e o Camiño, a fin de identificar a súa incidencia na imaxe e na vida da comunidade local de Santiago.

A iniciativa de divulgación asociada ás investigacións desenvolvidas por Galabra levou a deseñar e implementar –dentro do convenio asinado para este efecto entre a USC e o Concello de Santiago– un alargado proxecto expositivo por medio do cal se trataba de comunicar os principais resultados dos traballos de análise realizados. Para iso, foi escollida a presentación en forma de paineis ilustrativos, con deseño da responsabilidade da empresa Insólito, de cuxa ampla experiencia beneficiou a comunicabilidade de asuntos ben complexos grazas a unha tradución gráfica profesional e especializada que velaba pola accesibilidade daquilo que quería ser transmitido a un público xeral.

No caso das tres exposicións temáticas, concebidas para presentación en espazos cubertos, as informacións foron presentadas graficamente en paineis

² Información dispoñíbel en <https://redegalabra.org/abertura-oficial-de-a-cidade-e-os-seus-espacos-comerciais-inicia-o-ciclo-expositivo-itinerante-ligado-a-a-cidade-o-caminho-e-nos-04-10-2019/>; <https://redegalabra.org/a-cidade-e-quen-a-habita-e-a-segunda-parte-do-proxecto-expositivo-itinerante-nos-csc-de-compostela-17-10-2019/>; <https://redegalabra.org/a-cidade-e-quem-a-visita-e-a-terceira-parte-do-proxecto-expositivo-itinerante-ligado-a-a-cidade-o-caminho-e-nos-05-11-2019>.

circulares para seren pendurados nas paredes dos centros socioculturais compostelanos e foron completados con datos adicionais –que tomaron a forma de pequenos cadernos explicativos– destinados ao aprofundamento daquelas cuestións que foron consideradas de maior relevancia para conformar opinión informada en relación a diversos aspectos da transformación experimentada por Santiago de Compostela nos tempos máis recentes.

Esta parte do proxecto expositivo foi desenvolvida despois das eleccións municipais de maio de 2019, que determinaron a substitución do goberno de Compostela Aberta, con Martiño Noriega como líder, polo do PSOE, liderado por Xosé Sánchez Bugallo; isto motivou a necesidade de establecer interlocución coa nova equipa de goberno de Santiago para a implementación desta segunda fase. Así, foron feitas reunións coa concelleira de Cultura e co concelleiro de Centros Socioculturais para definir a itinerancia das exposicións. A fin de atinxir o maior grao de aproximación do público destinatario, optouse pola utilización expositiva de contedores públicos ligados ás actividades culturais e ao asociativismo de Compostela e, de acordo coa sección responsábel polos Centros Socioculturais, identificáronse os espazos concretos e os tempos máis adecuados para a exhibición do proxecto expositivo tripartito.

En función das características da exposición, foi marcado inicialmente que a itinerancia asociada ao programa *A Cidade, o Camiño e Nós* pasase por tres CSC –os do Castiñeiriño, as Fontiñas e o Ensanche– que foron seleccionados en función tanto do volume de persoas usuarias e do seu dinamismo e accesibilidade como da súa situación xeográfica no tecido urbano de Compostela, con localizacións a sul, a norte e a centro, respectivamente. En termos de calendario, foi deseñada unha rotación que, por un lado, comezaría unha vez que o ritmo da cidade se encontrase normalizado e xa fóra do período estival (tendo inicio no mes de outubro) e, por outro lado, garantiría a presenza de cada unha das exposicións para un período de entre dez e quince días en cada centro, até atinxir os tres meses de disponibilización para o público; isto foi feito coa seguinte distribución:



EXPOSICIÓN ITINERANTE + REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS

Coordinación Xeral do Proxecto Espazo: Discursos, imaxes e prácticas culturais sobre Santiago de Compostela como meta dos Centros de Santiago: Beto J. Tenes feijó (Castiño-USC) e Marco Gil Río (Castiño-USC)
 Comandado Xeral da exposición: A Cidade, o Camiño e Nós: Fabela Rodríguez Prieto (Castiño-USC) e Emilio Casal Vilarino (Castiño-USC)
 Comandado exposicións locais:
 A cidade e quen a habita: Zosimo López Pardo (LAR) e Irene Pichel Iglesias (Castiño-USC)
 A cidade e quen a visita: Carlos Pezoa-Laso (UMer) e Raquel Bello Vázquez (LAR) A cidade e os seus espazos comerciais: Álvaro Herra Sorroaga (UMer) e Roberto Sarriena (USC)

A CIDADE E OS SEUS ESPAZOS COMERCIAIS

CSC CASTIÑEIRIÑO
2 - 15 OUTUBRO 2019

CSC FONTIÑAS
17 - 31 OUTUBRO 2019

CSC O ENSANCHE
5 - 16 NOVENBRO 2019

Centro Sociocultural de Castiñeiriño ... 951 542 459
 Centro Sociocultural das Fontiñas... 981 528 750
 Centro Sociocultural de O Ensanche... 981 543 001

A CIDADE E QUEN A HABITA

CSC CASTIÑEIRIÑO
17 - 31 OUTUBRO 2019

CSC FONTIÑAS
5 - 16 NOVENBRO 2019

CSC O ENSANCHE
20 - 30 NOVENBRO 2019

A CIDADE E QUEN A VISITA

CSC CASTIÑEIRIÑO
5 - 16 NOVENBRO 2019

CSC FONTIÑAS
20 - 30 NOVENBRO 2019

CSC O ENSANCHE
16 - 30 DECEMBRO 2019



En función da posterior implicación das partes, aos tres locais inicialmente previstos e establecidos sumáronse os CSC de Conxo e de Vite, prolongando as mostras até os finais de xaneiro de 2020 de acordo co seguinte calendario:

- *A cidade e os seus espazos comerciais*
08-30.11.2019 CSC de Conxo
03-18.12.2019 CSC de Vite;
- *A cidade e quen a habita*
04-13.12.2019 CSC de Conxo
18-31.12.2019 CSC de Vite;
- *A cidade e quen a visita*
03-17.01.2020 CSC de Conxo
17-25.01.2020 CSC de Vite.

No acompañamento das exposicións realizado ao longo deste período por membros da equipa foi sendo elaborado un álbum fotográfico con relación a cada unha das tres mostras, a fin tanto de documentar a itinerancia polos diversos centros ao longo das semanas como de disponibilizar os materiais para consulta en liña de modo permanente³.

³ De tal traballo resultaron os seguintes álbums: A cidade e quen a visita (https://www.facebook.com/pg/RedeGalabra/photos/?tab=album&album_id=2521305091288243); A cidade e os seus espazos comerciais (https://www.facebook.com/pg/RedeGalabra/photos/?tab=album&album_id=2443883382363748); A cidade e quen a habita (https://www.facebook.com/pg/RedeGalabra/photos/?tab=album&album_id=2518410448244374).

Nestas tres exposicións móstranse, fundamentalmente, resultados da exploración de datos procedentes dun enorme corpus de entrevistas realizadas en Santiago de Compostela a máis de 2.000 visitantes, a case 1.000 residentes no concello e a máis de 400 comerciantes da cidade, desde marzo de 2013 até 2015. Importa referir que, aos efectos de comple(men)tar o ollar de residentes actuais de Compostela, foran tamén inquiridas persoas da área metropolitana, téndose realizado 104 entrevistas a residentes en Teo e 144 a residentes en Ames; isto permite contrastar visións, fornecendo un ollar valioso, que é ao mesmo tempo externo (porque –xa– non moran en Santiago) e interno (polos usos e proximidade da cidade). Na presentación dos datos, salvo indicación en sentido contrario, oférecense sempre os totais da mostra, de tal modo que, cando aparecen discriminadas as procedencias, “SCQ” significa só o Concello de Santiago e “A/T” con Ames e Teo.

Con todo, para actualizar as informacións levantadas previamente, esas entrevistas foron complementadas en 2018 con máis de 250 novos inquéritos destinados a espellar as diversas visións. En ocasións, son referidas de modo separado informacións destes inquéritos “de control”, para actualización dos resultados e observación das tendencias, en 2018.

FICHA TÉCNICA

Cuestionarios estructurados	Banco de datos de Visitantes	Banco de datos de Locais	B.D. de Actividade Económica e Comercial
Universo	Procedentes da Galiza, España, Portugal e o Brasil	Residentes en Santiago de Compostela, Teo e Ames	Comerciantes a traballaren en Santiago de Compostela
Ámbito xeográfico	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
Tamaño da mostraxe	2.081 inquéritos válidos	929 inquéritos válidos	410 inquéritos válidos
Erro da mostraxe	± 2,15 %	± 3,2 %	± 4,6 %
Nível de confianza	95 %; p = q = 0,5	95 %; p = q = 0,5	95 %; p = q = 0,5
Datas	De marzo de 2013 a marzo de 2014	Segundo semestre de 2014 a maio de 2015	Abril e maio de 2015
Inquéritos de control para comprobar tendencias (2018): 155 visitantes 50 habitantes 50 comercios			
Entrevistas	271 entrevistas a visitantes	34 entrevistas a persoas peregrinas de Porto Alegre (Brasil)	6 grupos de conversa con población local
Base de Datos	559 libros	211 webs	90 audiovisuais
<small>Integrantes da equipa e responsábeis polas exposicións: Elias J. Torres Feijó [USC], Emilio Carral Vilarinho [USC], Felisa Rodríguez Prado [USC], Irene Pichel Iglesias [USC], María Luisa del Río Araújo [USC], Roberto Samarim [UdC], Álvaro Irarta Sanromán [U Minho], Carlos Pazos-Justo [UMinho], Raquel Beilo Vázquez [Uniritter], Zósimo López Pena [UNIR], Rede Galabra (www.redegalabra.org)</small>			

Figura 1: Ficha técnica da exposición “A cidade, o Camiño e Nós”
 Fonte: Elaboración propia

Entre os diversos espazos do concello, que van de prazas a rúas e de adros a vías, contabilízanse máis de 840 entidades⁴, que non foi posíbel tratar na súa totalidade. Por iso, convén indicar que, aos efectos de realización de entrevistas a habitantes, en 2014-2015:

- optamos por prescindir dalgunhas destas entidades para construír o banco de datos do cal retiramos os resultados mostrados en formato de exposición;
- a Zona Vella e o Ensanche son as áreas urbanas proporcionalmente máis representadas na mostra (sen que iso altere de modo minimamente significativo os resultados globais), por seren os dous espazos de Santiago con maior intensidade de fluxo de persoas e actividade comercial;
- no caso das áreas rurais, nas cales se calculaba habitaren por volta de 16.000 persoas (dimensión equivalente ao denominado Ensanche, na parte urbana), foron particularmente atendidas, en principio, as



Figura 2: Centro urbano e parroquias con área rural de Santiago de Compostela

Fonte: Centro de Interpretación de Vilvestro

<https://www.centrointerpretacionvilvestro.org/es/sabias-que/>

⁴ https://gl.wikipedia.org/wiki/Modelo:Rueiro_de_Santiago_de_Compostela

Figueiras e San Marcos para a realización das entrevistas, pois o rural, en xeral, e o compostelano, en particular, é máis difícil de abranxer en mostras como esta, pola súa configuración e porque non é fácil saber onde acaban ou comezan algúns rurais ou urbanos.

Con posterioridade, foron acrescentados máis de 100 inquéritos realizados durante a primavera e o verán de 2019 nas áreas rurais do Concello de Santiago, representando unha ampliación da mostra con relación ao inquérito realizado á población local para o proxecto “Discursos, imaxes e prácticas culturais de Santiago de Compostela como meta do Camiño”. Con este traballo de campo, mediante entrevista a persoas residentes en parroquias rurais compostelanas –que habitualmente traballan na cidade e a ela están vinculadas tamén




Figura 3: Espazo urbano e periurbano de Santiago de Compostela
Fonte: Elaboración propia

do punto de vista afectivo– foi atendida polo grupo Galabra a solicitación feita polo asociativismo rural no sentido de procurar unha maior representación para as voces da diversas áreas que nutren a Compostela urbana e por ela son rexidas.

Mesmo na parte urbana de Compostela, resulta difícil caracterizar todas as áreas como bairros, con límites espaciais e comunitarios precisos.

Sendo así, para a presentación dos resultados foron feitos –nalgúns casos– agrupamentos de varios espazos contiguos, designados con nomes xenéricos e que denominaremos, en xeral, zonas. Como resultado desas clasificacións e agrupamentos, Santiago de Compostela ficou para o noso traballo subdividida en **17 zonas delimitadas**, a que se sumou o **Pedroso** e tamén a **Cidade da Cultura**.



Figura 4: Zonas urbanas delimitadas en Santiago
Fonte: Elaboración propia

Convén indicar que neste traballo utilizamos Zona Vella para referirmos unicamente a área coñecida como améndoa, aínda que nela (con esa

ou outras denominacións) sexan con frecuencia incluídas, por exemplo San Roque ou San Pedro.

Tamén interesa apuntar que, apesar de, en certos casos, existiren algúns bairros perfectamente delimitábeis e delimitados, optamos por facer algunhas agrupacións en forma de zonas que, por súa vez, inclúen bairros ou sub-bairros. É, por exemplo, o caso de Vista Alegre / Vite / Guadalupe, onde foi adscrita tamén a Rúa dos Pelamios; ou de Almaciga / Basquiños / San Caetano, que une igualmente San Roque. Do mesmo modo, asociamos Virxe da Cerca e Fonte de Santo Antonio non a San Pedro nin á Zona Vella (delimitadas de maneira precisa), mais na agrupación do eixo dos Poxigos / Belvís / Sar. A Trisca colocámola en San Pedro, xa que é Belvís; O Viso agrupámolo coas Fontiñas (aínda que podía ir, historicamente, co Sar) e o Parque Eugenio Granell foi vinculado á Ponte Pedriña e non ao Castiñeirío. Pola súa forte singularidade, non adscribimos a ningunha zona nin o Pedroso nin a Cidade da Cultura.

Finalmente, cabe subliñar que é de diversas exploracións e análises operadas sobre ese enorme conxunto de datos, construído polo grupo Galabra da USC, en relación a Santiago de Compostela e ao longo dos últimos anos, que se parte para a elaboración do proxecto expositivo maior, *A Cidade, o Camiño e Nós*, no cal se inseren as tres mostras que aquí presentamos reunidas.



O obxectivo destas Exposicións Sectoriais foi trasladar á cidadanía compostelana os principais achados en relación ás diversas visións de Santiago e ás diferentes imaxes e prácticas que tanto visitantes como habitantes (e comerciantes) de Compostela declaran nos inquéritos que lles foron pasados.

Tratábase de facelo presentándoos de modo máis pormenorizado e con análises de maior profundidade do que aquilo que a chamada Exposición Central tiña permitido, a fin de mellor identificar os impactos –quer positivos, quer negativos– de tais imaxes e prácticas na comunidade local compostelana.



A CIDADE, O CAMIÑO E NÓS

Presentamos á cidadanía compostelana e a quen nos visita, através de catro exposicións e dun conxunto de actividades paralelas, algúns resultados da investigación que a Rede Galabra está a realizar desde o ano 2008 sobre os impactos do Camiño de Santiago na cidade. Analisamos os discursos, as imaxes e as prácticas referenciadas en Santiago tanto de comerciantes e habitantes de Compostela, como das persoas procedentes dos países que achegaban os continxentes máis numerosos no momento de comezarmos os nosos traballos: o resto da Galiza e do Estado, Portugal e o Brasil (segundo o CETUR, primeiro país europeo e non europeo en número de visitantes, respectivamente). Estudamos as ideas presentes nos libros que len, nos filmes que ven e nas webs que consultan as persoas que nos visitan. Tíramos informacións confiábeis e significativas, de quen vén e de quen vive a cidade, a partir dos cuestionarios e das entrevistas que fixemos.

Exposición central na Alameda
ao pé do monumento a Rosalía
A Cidade, o Camiño e Nós

Exposicións sectorais
nos centros socioculturais do concello
A cidade e quen a habita
A cidade e quen a visita
A cidade e a actividade comercial

II.

A CIDADE E QUEN A VISITA

O (des)coñecemento (da complexidade) do local

Como resultado da análise de entrevistas realizadas en 36 establecementos comerciais localizados na parte histórica da cidade entre 2010 e 2011, notamos que, apesar de a cidade ser un destino moi visitado, Santiago de Compostela resultaba pouco coñecido por turistas. De feito, o turismo estranxeiro parece –de modo xeral– descoñecer previamente á visita a variedade cultural que poden encontrar á súa chegada e que, cando a recoñecen, pasan a valorar positivamente. Sexa como for, para a maioría de visitantes, Santiago de Compostela aparece como unha meta (ou, no seu defecto, como unha “etapa raíña” do Camiño) ou como unha cidade máis do norte da España para visitar.

A visita do/a turista medio considérase completa(da) nunhas poucas horas, despois de entrar na Catedral, pasear polas rúas antigas dos arredores e comprar algunhas lembranzas nas abundantes tendas de *souvenirs* encontradas nos espazos que percorren. Con este tipo de experiencia visitante, a cidade carece de diferenciación en bairros ou áreas e non parece contar con atractivos suficientes para facer que a estadía nela se prolongue.

Concluíamos isto, xa en 2012, ao detectar que a esmagadora presenza do “conglomerado” Catedral–Camiño de Santiago dificultaba calquera outra visión (alternativa ou complementar) da cidade, xa que a imaxe máis proxectada e potente era a relacionada coas persoas peregrinas e a peregrinación. Consecuentemente, existen dificultades ou limitacións para se considerar Santiago como un destino turístico cultural... e será importante (re)coñecermos isto, colectivamente e en termos xerais, como persoas ligadas a Compostela por cuestións de afectividade, de residencia, de emprego, etc. Mais, sobre todo, será fundamental prestarmos atención a cales son as transformacións que, co tempo, van sendo experimentadas en Santiago, termos elementos obxectivábeis e obxectivos para medilas e coñecermos o ollar de quen nos visita e o que el espella sobre a nosa cidade e nós.

A CIDADE E QUEN A VISITA

Nese sentido, cabe colocarmos como punto de partida a observación daquilo que transmitiron, através das respostas ao cuestionario usado para preguntarmos a máis de dúas mil persoas visitantes por ideas, imaxes, prácticas e motivacións asociadas coa súa vinda a Compostela.



En xeral, as opinións que manifestan as persoas visitantes da cidade mostran unha ampla coincidencia en relación coa imaxe de Santiago e certa limitación de matices (sobre todo naquilo que imaxinan ou pensan antes de visitala). **Cabe destacar o elevado peso que dan á Catedral**, mais convén apuntar que este aparece maior antes da visita do que despois dela.




Igualmente, detectamos unha sobreexposición ou un sobredimensionamento dos aspectos que ligan Compostela á peregrinación e á espiritualidade, con especial destaque –como mudanza operada nos últimos lustros– na percepción de quen vén do resto da Galiza.

En sentido contrario, nótase unha práctica ausencia de recoñecemento da cidade como representación, símbolo ou emblema da Galiza –salvo na consideración das persoas galegas, para as cales tamén este aspecto vai perdendo posicións.

II.1. Quen nos visita e para que vén?

A vinda da xente que nos visita vai unida, sobre todo, ao tempo de lecer e de ferias (cerca de 70%). Mais non falta un continxente importante de persoas que veñen ver amizades ou familiares (8,6%) e tamén son numerosas as vindas motivadas por traballo (7%), sendo menos expresivas as asociadas a estudos (2,7%) e as de asistencia tanto a eventos desportivos ou culturais como a congresos aquí celebrados.



Isto é o que encontramos nos máis de 2.000 cuestionarios que forneceron datos sobre o universo de visitantes e foron respondidos por informantes procedentes dos territorios que achegaban o maior volume de persoas a Compostela en 2008 (Galiza, España, Portugal e o Brasil).

Como curiosidade pode indicarse que, ao observarmos de modo máis pormenorizado a procedencia do continxente visitante:

1. os principais focos emisores do Brasil se encontran no litoral e en grandes cidades;
2. con respecto a Portugal, o destaque é para as procedencias do norte e o centro do país;




Figura 5: Mapas coa localización das cidades de procedencia de visitantes do Brasil e de Portugal.
Fonte: Elaboración propia con Google Maps (Map Data © 2019)

3. no caso da España, as persoas entrevistadas encóntranse moi distribuídas territorialmente, aínda que con importante peso de áreas ou localidades do norte do Estado;
4. relativamente á Galiza, destacan as visitas da franxa atlántica do país.

A visita a Compostela vai maioritariamente asociada a unha escolla da propia cidade (ou da Galiza) como destino da viaxe, en 54,8% dos casos, e fortemente ligada ao Camiño (29,2%), con valores menos expresivos para a inclusión en viaxes organizadas con roteiro fixo (6,5%) e para a circunstancia de marcar un alto no percurso en dirección a outro destino (4,8%).




Figura 6: Mapas coa localización das cidades de procedencia de visitantes do Estado Español e da Galiza.

Fonte: Elaboración propia com Google Maps (Map Data © 2019)



Das persoas por nós entrevistadas que chegan a Santiago peregrinando, o maior contingente é formado por quen proceden do resto do Estado Español, mentres son minoría quen veñen doutros lugares da Galiza (aínda que os números de ambas as comunidades teñan diminuído levemente de acordo cos datos de 2018, nos cales a peregrinación medrou até 40%).




En termos percentuais, as persoas que se declaran peregrinas representan un terzo das vindas de Portugal (amplamente extendido nos resultados de 2018, nos cales atinxen 70,4%) e non chegan a un quinto do contingente brasileiro (porén, presentando tendencia á alza, até 30% en 2018).

Segundo os nosos datos, o perfil da persoa peregrina pode ser definido como de mediana idade (entre 30 e 49 anos), bastante equilibrado en cuestión de xénero (aínda que con maior peso do masculino), cun elevado grao de escolaridade (inclusive com título superior de mestrado ou doutoramento) e que,

tipicamente, mora en familia de tres membros. Porén, as persoas peregrinas de orixe española son significativamente máis novas, ao mesmo tempo que as procedentes do Brasil –e sobre todo, se foren mulleres– tenden a superar os 50 anos e a representar a maior cuota de persoas de máis de 65 anos.

En relación ao motivo da escolla de Santiago como destino, a motivación relixiosa e/ou espiritual aparece en terceiro lugar, con 16,6% das respostas, lonxe do turismo e lecer (35,1%) e tamén por baixo da dimensión asociada ás relacións sociais e persoais, que se sitúa en segundo lugar, con 19,8%.



As persoas que manifestan motivación relixiosa na escolla de Santiago como destino destacan máis, comparativamente, o Apóstolo (14,2%) e a dimensión Relixiosa / Espiritual (13%) na imaxe previa da cidade.

II.2. Que ideas teñen de Santiago e de nós?

Segundo indican os nosos datos, as ideas previas presentes na caracterización identificativa do “destino Galiza” vense reforzadas despois da visita; porén, no caso de Santiago esas asociacións só se encontran en pequena medida antes da visita e, aínda que aparecen despois dela, teñen unha dimensión reducida.



A idea / imaxe máis inmediata e potente declarada en relación a Santiago é a ligada á singularidade da **Catedral** e tamén a que asocia a cidade ao **Camiño**, que gañan volume aínda maior ao se veren reforzadas e/ou matizadas através da ocorrencia de Apóstolo / Peregrinos-peregrinación / Relixión-espiritualidade.

Visitante do Brasil, F.M. (en entrevista en profundidade): esperaba que Santiago fose un “povoado” coa Igrexa e logo caseñas e algún comercio, de modo que se sorprendeu polo tamaño e a estrutura “de uma cidade grande”, “como um bairro de São Paulo com todos os serviços e a universidade”.

Persoa compostelana (en grupo de discusión): “o que menos pensara eu é que nos vían como se isto fose un santuario. (...) Non vexo a ninguén por aí de rodillas como cando vas a Fátima”.

As abundantes referencias a Catedral, Camiño e Peregrinación entre os máis novos parecen facerse eco da multiplicación de mensaxes ligadas aos Camiños de Santiago e da transmisión deste repertorio exitoso, por medio de materiais publicitarios, discursos institucionais, produtos audiovisuais e numerosa produción literaria; a isto hai que acrecentar o destaque da Zona Vella. Do mesmo modo, pode relacionarse a referencia á figura do Apóstolo e á dimensión relixiosa e espiritual daquelas persoas visitantes de maior idade coa formulación que conecta directamente Compostela coa idea de cidade capital da cristiandade e con prácticas tradicionais católicas.

The infographic is set against a yellow background. At the top center is a circular icon with radiating lines. On the left, there are two sections: the first is titled 'Visitantes de menor idade' with a minus sign, and the second is titled 'Visitantes de maior idade' with a plus sign. The right side features a white box with a dotted border containing the UNESCO logo and a circular icon with a cross, followed by text explaining the historical and monumental value of the Old Town as a heritage site. At the bottom center is an icon of three overlapping houses.

Visitantes de menor idade -

Tendo en conta a idade das persoas visitantes, vemos que as referencias a **Catedral, Camiño e Peregrinación** abundan entre os máis novos.

Visitantes de maior idade +


Xunto co destaque da **Zona Vella**. Os visitantes de maior idade referen máis, comparativamente, a figura do **Apóstolo** e a **dimensión relixiosa e espiritual** que asocian á cidade.

É moito menor a pegada identificadora de Santiago en termos de patrimonio, por medio da idea da Zona Vella como cidade histórica e monumental, aínda que esta dimensión patrimonial estexa institucionalmente forxada con anterioridade á “explosión xacobeá” ou “camiñeira” e conte coa marca “Patrimonio da Humanidade” da UNESCO.

O **Obradoiro** pode ser interpretado en calquera destas dúas dimensións, patrimonial e xacobeá, non como a Universidade. E só as referencias a clima e gastronomía conectan claramente a imaxe da Galiza coa da súa cidade capital.

Durante a visita, as persoas entrevistadas asocian a cidade á Catedral (25,9%), ao Camiño e a peregrinación (20,9%), a un tipo de cidade media

(18,1%), á Zona Vella (9,8%), á relixión e a espiritualidade (9,7%), á pedra e ás rúas de pedra (8,5%), á gastronomía (5,7%), ao Apóstolo (5,5%) e á Praza do Obradoiro (5%).




De acordo cos resultados de 2018, aumenta moito a referencia ao tipo de cidade media (25,7% + 18,1%) e tamén o volume de asociación tanto a Camiño e peregrinación (19,2% + 20,9%) como a relixión e espiritualidade (7,1% + 9,7%); ao mesmo tempo, os datos apuntan para o descenso na percepción do protagonismo da Catedral (12% - 25,9%) e da Universidade (3,1% - 6,7%). En todo o caso, parece medrar a idea de Santiago como cidade turística e relixiosa ao mesmo tempo que se reforza a invisibilización da condición de capital da Galiza. Nomeadamente, entre as persoas galegas, cabe subliñar a menor consideración da capitalidade cultural (-17,1%) ou da capital/ referente da Galiza (-15%), ao lado do aumento na percepción de Compostela como cidade universitaria (+31%), turística (+12,6%) e relixioso-espiritual (+3,8%).

Confrontando as imaxes previas e aquelas captadas *in situ*, pode afirmarse, con datos de 2018, que é posíbel detectar diminución da dimensión daquilo asociado á Catedral, ao Apóstolo, á Zona Vella e ao Obradoiro, que poden ser considerados elementos claramente referenciais de áreas, edificacións e representacións concretas, localizadas na espacialidade compostelana e distintivos da monumentalidade e de singularidade(s) desta cidade. Simultaneamente, asístese ao crecemento das imaxes ligadas a Camiño / Peregrinación e Relixión / Espiritualidade, que, para alén de seren moito máis abstractas ou conceptuais, dilúen a concreción temporal e espacial da realidade compostelana (aínda cando tamén gañan dimensión as referencias que apuntan para Tamaño ou Tipo de cidade).


II.3. Que veñen coñecer de / en Santiago?

Como resulta evidente pola aglomeración, os espazos da parte antiga de Compostela son os máis consumidos, mais importa destacar que o protagonismo atribuído a eles aínda gaña volume nas respostas das persoas visitantes cando son interrogadas a respecto daquilo que non pode deixar de ser feito na cidade: coñecer a Catedral, visitar a Zona Vella ou o Obradoiro son as actividades salientadas, xunto con probar a gastronomía local.




Cabe subliñar que as persoas visitantes fan uso dos espazos nunha medida semellante á percepción que as residentes teñen sobre o carácter emblemático deles (sendo a Alameda unha excepción salientábel: 12,3% de uso visitante *vs.* 29,1% de destaque residente). Porén, neses lugares a posibilidade de relacionamento coa xente local é bastante limitada e, por outra parte, a percentaxe de visitantes que vai onde é feita fundamentalmente a vida de residentes tamén é ben pequena: Zona Nova (6%), parques e Zonas Verdes (3,9%) ou centros comerciais (1,3%).

Esta excesiva concentración espacial e/ou monopolización espacial da(s) identidade(s) compostelana(s) aos ollos foráneos conéctase facilmente con unha literatura de ficción na cal é moi frecuente que a cidade de Santiago apareza como escenario medieval, histórico ou mesmo esotérico, asociado a prácticas espirituais. Xa no dominio audiovisual, mantense a prevalencia da Compostela convertida en escenario. En ambos os casos, Compostela costuma ser (re)coñecida através dos seus espazos e edificios —especialmente o Obradoiro, Pratarías e a Quintana, colocando o foco na Catedral e prazas circundantes—, producíndose invisibilización ou ocultamento das persoas que a habitan e da cultura local, maioritariamente.



A práctica das visitantes, porén, parece dar lugar ao que máis mediaticamente se ve reducido ou ignorado. Así, interrogadas sobre que ou quen coñecen da cultura galega 54,7% destas persoas referen elementos da gastronomía. A bastante distancia ficam os 29,1% da literatura, referindo até 15 nomes, entre os cales se encontra claramente destacada Rosalía de Castro (19,8%), ben lonxe de Camilo José Cela, (5,3%) e Daniel Rodríguez Castelao (4,3%) ou Ramón María del Valle-Inclán (2,9%). A seguir, sitúase a música (22,2%), na cal aparecen como expoentes Carlos Núñez (3,6%) e Luar na Lubre (1,4%), e, con valores inferiores, os deportes (11,1%) ou personalidades da política e da igrexa católica (10,3%).




Cando son interrogadas sobre as **surpresas ou descubertas** resultantes da visita a Santiago, as persoas sitúan entre elas os espazos verdes, o ambiente e a xente, para alén da arquitectura e os monumentos. A visita parece implicar unha redescoberta dunha cidade non previamente imaxinada / visibilizada. Para alén das Zonas Verdes ou a xente, as persoas visitantes, aínda que con pouca expresión, mencionan algúns bairros da cidade menos impactados polo turismo.

Pode ser subliñado, en relación á **satisfacción coa visita**, o feito de que nas franxas máis baixas –aínda que lonxe de valores negativos– estexan situados o “Destino menos histórico e máis orientado ao turista” (6,1 sobre 8) e a “Variedade de oferta comercial” (6,2 sobre 8). Ao mesmo tempo, en determinadas respostas maniféstase (en liña semellante ao que as persoas locais tamén detectan como transformación dos últimos tempos en Compostela) unha certa percepción de masificación turística, por un lado, e de limitación observada por quen nos visita no tipo de actividades comerciais que as rúas da cidade ofrecen, por outro lado.

II.4. Como falan da cidade e de nós?

Con frecuencia, á hora de facer consideracións en relación á súa visita e aquilo que visitaron, as persoas non galegas referen semellanzas ou diferenzas con

outros territorios. Son particularmente abundantes aquelas que relacionan a Galiza co Norte de Portugal ou co conxunto do país viciño. É aquí que se revela un bon número de elementos que falan dos vínculos históricos, lingüísticos, sociais (en forma de modos de vida e fluxo de persoas) e tamén territoriais ou de *habitat* que se (re)coñecen através da experiencia visitante.



De que falan, as persoas entrevistadas, cando referen explicitamente o termo “Galiza” ou “Galicia”? Analisando os resultados das entrevistas cualitativas realizadas telefonicamente (con duración entre 30 minutos e 2 horas) a unha percentaxe das visitantes non galegas que, con anterioridade, tiñan respondido o inquérito en Compostela, detéctase no discurso das persoas portuguesas que subliñan a relación Galiza – España e Galiza – Portugal, así como a idea da contigüidade Galiza – Norte de Portugal.


Interesa apontar que non faltan produtos en forma de libro que, logo a partir do título, contribúen para comunicar a referida contigüidade galego-portuguesa en forma de continuidade noroesteña. Aparecen en forma de guías turísticos nos cales o destaque vai para a arquitectura (con imaxes de construcións nobres e populares, mais tamén referindo fortalezas, museos e igrexas), a alimentación (nomeando gastronomía e viños, representando graficamente o marisco), o Camiño de Santiago (através da imaxe de peregrino medieval identificada coa personaxe popular de “Zapatones”) e o artesanato.

En relación aos lugares citados nas entrevistas en profundidade, para alén dos espazos nacionais de procedencia (e algúns topónimos asociados a eles), que serven para situar o seu lugar de fala e de visión daquilo que están a coñecer, as persoas visitantes portuguesas e brasileiras referen abundantemente a Galiza. Con frecuencia, establecen diversas relacións de parecido ou contraste entre a realidade compostelana e/ou galega e a propia, mais é común faceren comparacións coincidentes (ou moi semellantes) que envolven a relación Galiza-Portugal.

As falas do Brasil singularízanse á hora de ancoraren, comparativamente, referencias geográficas:

- por apontaren o maior número de lugares da Europa e do mundo (case 35%), en función das experiencias viaxeiras de longo curso e do nivel socioeconómico e cultural (medio-alto)
- por presentaren as percentaxes máis semellantes (entre 10% e 20%) de referencialidade a espazos galegos, españois, lusos e brasileiros, en orde decrecente.

Nos casos de Portugal e da España destacan os reenvíos a topónimos ligados á orixe ou procedencia da persoa visitante.



Colocando o foco sobre os espazos galegos, o destaque numérico na frecuencia con que son referidos vai claramente para Santiago de Compostela (notándose que son as persoas que proceden de maior distancia quen máis nomean a cidade) e para a Catedral (en que se produce o fenómeno contrario).



No caso das persoas portuguesas, entre as entidades nomeadas que non son topónimos destaca sobre todo Camiño –ben probabelmente pola proximidade que implica o feito de compartillarmos varios dos roteiros–, mais tamén a Catedral merece relevo, tal vez pola asociación relixiosa católica que permite unir Compostela con Fátima, un dos topónimos referidos con certa frecuencia.

II.5. Que consume quen nos visita?

De acordo cos nosos datos, a proximidade intelectual, relacional ou xeográfica das persoas visitantes condiciona o tipo de visita e, obviamente, incide nas prácticas e nos consumos que realizan nela.

Así, a maior nivel de estudos, máis elevadas son as despesas feitas en restauración. Tamén aumentan estas cando son feitas por quen nos visita máis de unha vez por ano (24,55€), con respecto a visitantes anuais (18,67€) e apesar de que canto máis veñen menos gastan en total e en aloxamento.

O gasto total menor corresponde ás persoas doutros lugares da Galiza (que pouco destinan a transporte, aloxamento e restauración), mais as procedentes de Portugal gastan menos en compras e cultura.



A maioría das compras feitas por visitantes –con destaque para a torta de Santiago e os *souvenirs*– é realizada na parte antiga da cidade.

Na actualización de datos de 2018, cabe destacar que a percentaxe de compra da torta de Santiago diminúe entre persoas españolas e portuguesas

e ascende na predilección de brasileiras e galegas. Tamén se detecta que son menos referidos os doces e queixos e máis os viños e os licores.

Na valoración das persoas visitantes, en relación coa oferta-procura e comparando coa da Galiza, Santiago caracterízase por **menor diversidade** de produtos e de lugares de compra e maior concentración no espazo de adquisición dos consumos.

e gastronomía



* Os datos de 2018 indican:

En xeral, o consumo das persoas visitantes aumenta, sendo especialmente destacábel aquilo que se refere á compra de produtos gastronómicos (liderada por persoas do resto do Estado, con 54,4%, seguida por aquelas que proceden do Brasil, con 40%, e de Portugal, con 33,3%, para fechar coas da Galiza, con 23,1%).

Con respecto aos hábitos de consumo detectados, entre os produtos consumidos na restauración da cidade crece en 2018 o relativo a peixes e carnes (tanto entre persoas que non peregrinan –pasando de 10,7% para 35,6%– como entre as que se declaran peregrinas –aumentando de 5,3% para 7,7%).


En relación coa frecuencia da visita, obsérvanse diferenzas significativas con respecto á primeira idea sobre a Galiza (quen veñen pouco citan menos a gastronomía), sobre a imaxe que teñen agora (máis complexa para quen máis veñen), sobre o coñecemento dalgunha cousa da cultura da Galiza relacionada coa gastronomía (máis os que menos veñen) e sobre a actividade cultural.

A dimensión da identificación española dalgún elemento gastronómico como exemplo da cultura galega gaña especial relevo entre persoas que proceden de dúas comunidades Mediterráneas (Illes Balears e Murcia, con 72,7%), seguidas por Nafarroa (60%) e a Comunitat Valenciana (59,6%). Por volta de 30-40% están as proporcións para Madrid, Asturias, Castela-León e Extremadura. Unicamente no caso de Cantabria as persoas entrevistadas non referiron nada relacionado.

A proporción máis elevada de persoas que pensan comer **marisco** procede da Comunidade Foral de Navarra e de Euskadi (máis de 25%), seguidas por Cantabria e as Illes Balears i Pitiusas (25%), Castela-A Mancha, Andalucía e Extremadura (máis de 15%). Con respecto ao **polbo**, as percentaxes máis altas encóntrase entre visitantes de Andalucía, Extremadura e a Comunitat Valenciana (máis de 20%) e Catalunya, Aragón e Asturias (entre 15 e 20%).

Quen proceden do resto do Estado Español declaran ter escollido comida típica en proporción significativamente diferente e ben máis elevada (38,3%) da declarada por visitantes da Galiza (21%), do Brasil (19,5%) e de Portugal

(13,8%). Mais o certo é que as visitantes de Extremadura son as únicas que previamente manifestan a súa intención de experimentar comida típica nunha proporción superior a 15%, seguidas por aquelas que proceden de Nafarroa, Catalunya, Murcia e País Valencià, con valores maiores de 10%.



A **previsión** de comer ou beber diversos alimentos mostrou proporcións significativamente diferentes entre persoas peregrinas e non peregrinas para o marisco (11% quen peregrina *vs.* 8,3% resto de visitantes), o polbo (10,8% das peregrinas fronte a 7,4% das non peregrinas), bebidas, doces e cafés.

Finalmente, as persoas peregrinas consumiron **efectivamente** e de modo significativo máis marisco (33,8% *vs.* 26,4%), comida típica (24,6% *vs.* 24,2%), beberon algo (37,9% *vs.* 30,8%) e comeran outros tipos de comida (51,2% *vs.* 43,7%) que as non peregrinas. Por seu lado, as persoas que non se identificaron como peregrinas tomaron doces e cafés en maior proporción (39,6% *vs.* 31,1% das peregrinas).

Detéctanse diferenzas significativas ($p < 0,05$) nos consumos de visitantes conforme as procedencias: quen veñen do resto do Estado Español destacan no consumo de marisco (15,1%), xunto co Brasil (9,3%) –lonxe de Portugal (2,9%) e a Galiza (1%)– e lideran, con grande diferenza, o consumo de polbo (13,6%) –seguidos por Portugal (4,6%) e o Brasil (4,5%), e coa Galiza ocupando o último lugar (2,7%).

Con respecto ao que declaran ter comido ou bebido en Compostela, son significativas as diferenzas nas proporcións das persoas que comeran marisco, polbo, peixe ou carne, comida típica e comida rápida (mais non no caso do consumo de petiscos ou racións, bebidas, cafés e doces ou outras cousas): o marisco e o polbo son os máis consumidos por visitantes do Estado Español (+/- 40%) e do Brasil (que prefere marisco 29,1% a polbo 17,5%) ou Portugal (ao contrario,

preferen polbo 21% a marisco 15%), descendo no caso da Galiza (sobre todo para o marisco, cuxa percentaxe representa metade da do polbo).

Véxanse estes fragmentos extraídos de entrevistas telefónicas realizadas ás persoas con posterioridade á vinda a Compostela:

Visitante das illas Canarias, sobre a cociña galega: “a mí me encanta. Partiendo del pan, que el pan me apasiona”; “nos fuimos un poco a lo típico por el estar en Galicia y decir: bueno, no me puedo ir de aquí sin comerme un buen pulpo, unos pimientos o tal”.


Visitante de Madrid, orixinaria da Galiza, sobre comida típica galega: “si tengo que poner un menú quizá pondría un menú degustación (...) unos entrantes de pulpo a *feria*, percebes y bueno. Ya. Ya. Luego de segundo pues sí, un caldo. Luego pondría de tercero pues desde luego un pescado, una *caldeirada*. Una merluza así con tomate y almeja, unas almejas a la marinera. (...) De postre así gallego unas *filloas*, claro. (...) Pero unas *filloas* sin nada. (...) Y pues *café de pota*... (...) Y un chupito de licor café o a lo mejor acabar con una *queimada*. La *queimada* la hacemos ya de noche”.

Visitante castelá, sobre a comida galega frente á súa: “Es muy distinta, pero a mí me gusta mucho la gallega también. (...) El pulpo, por ejemplo, es una de las cosas que me encanta, y (...) la empanada (...). Pero, bueno, la gallega (...): las de bacalao (...), bueno, están... Y los orujitos, y bueno, y la cerveza. Gastronómicamente hablando”.

Visitante da Galiza, identificando o 'típico de Santiago': “De comer la tarta de almendra (...) Y de artesanía pues algo de azabache”.

II.6. Como consideramos a presenza de visitantes?

A consideración que as persoas locais entrevistadas manifestaron con relación ás visitantes é maioritariamente positiva (59,4%). A pesar diso, existen dados a indicar que o turismo está a converterse nun fenómeno que (nos) afecta (particularmente por medio dos) lugares aos cales atribuímos importancia en diversas dimensións.



Por un lado, e aínda que non sexa numericamente moi expresiva, existe unha percentaxe de persoas que se declaran dispostas a reservar espazos específicos para turistas na Zona Vella. Esa percentaxe tórnase máis significativa (aproximándose de 10%) entre aquelas que gostarían doutro tipo de turista.

Por outro lado, é significativo o aumento da consideración negativa do turismo entre persoas entrevistadas residentes en zonas da cidade particularmente ligadas ao percurso da peregrinación, como San Pedro, Santa Marta e Choupana e a propia Zona Vella, onde todos os camiños conflúen.

Sen embargo, os nosos datos mostran que **a consideración negativa surge con forza nas áreas da cidade máis ligadas á peregrinación (tanto no percurso como na meta), con efectos indesexados no cotidiano local, pois ten maior expresión entre os residentes en:**

San Pedro (Entrada do Camiño Francés)	<input type="text"/>	52,8 %
Santa Marta (Entrada do Camiño Portugués)	<input type="text"/>	42,6 %
Choupana (Entrada do Camiño Portugués)	<input type="text"/>	37,5 %
Zona Vella	<input type="text"/>	35,4 %

Para dar conta da existencia de tais percepcións críticas tamén poden servir, a título de exemplo, os seguintes testemuños seleccionados:

Viciña de Compostela (en grupo de discusión): “Ese é o conto de nunca acabar. Queremos que veña aquí un montón de xente, que quede aquí a durmir, para que? Para que? (...) É que dentro de pouco van chegar a Conxo os hoteis e as tendas de *souvenirs*”.

Depoimento compostelano (en presentación de resultados a asociacións de viciños): “a lo mejor porque vivo y me muevo en zonas intensamente colonizadas por todo esto, pero tengo una percepción de que es creciente, sobre todo en las zonas más castigadas”

Viciño idoso de Santiago (na entrada do Camiño Francés, circulando entre persoas peregrinas): “calquera día aínda pasan por riba de nós!!”

Visitante español, E. B. (en entrevista en profundidade): “como que te están mirando un poco como de reojo, como diciendo ya están aquí estos alborotadores, que han venido y que no toquen nada, que no tiren nada, cuidado con las mochilas, y al final, les hacemos ir con las mochilas por eso, porque es como han llegado a Santiago, con tu mochila, con tu peso, con tus cosas encima, y es importante ese detalle. Y, claro, yo entiendo que la Catedral, por preservarla y todo eso, pero esa sensación, es una cosa, una apreciación personal, que a lo mejor hay gente que no lo nota y eso, pero sí tengo la sensación de... ya están allí los peregrinos con las mochilas...”.

III.

A CIDADE E OS ESPAZOS COMERCIAIS

A concentración (tamén) comercial na Zona Vella e a escasa intersección entre visitantes e habitantes

Un dos resultados máis salientábeis que encontramos nas respostas das persoas que nos visitan ten a ver co seu interese pola comida. Na mostra de 2013-2014, máis de 50% de visitantes tiña pensado consumir produtos gastronómicos durante a estada en Santiago de Compostela. Esta cifra chega a 94,8% na mostra de 2018. Estes resultados converten a gastronomía en protagonista do sector comercial entre quen nos visita, sendo importante, deste punto de vista, destacar o seguinte:

- Nos datos de 2013-2014 percíbese unha clara e inicial preferencia polo polbo e o marisco, que non son produtos de consumo habitual na cidade nin na Galiza. Visitantes do norte da península prefieren o marisco, en canto as procedentes do sul da España optan polo polbo. Xa na mostra de 2018 as carnes e peixes desbancan o polbo e marisco como produtos máis consumidos.
- Segundo aumenta o número de veces que nos visitan (máis de unha vez por ano), o padrón de consumo de visitantes achégase ao que é habitual nas persoas que moran na cidade, no cal o marisco aparece apenas no posto 48 do ranking de alimentos consumidos habitualmente por persoas da Galiza e o polbo só no lugar 175.

A CIDADE E OS SEUS ESPAZOS COMERCIAIS

Da perspectiva da restauración percíbese un proceso de *gastronomificación*: bares, restaurantes e comercios de alimentación concéntranse na Zona Vella

(60% de negocios que atenden maioritaria ou exclusivamente visitantes) e no Ensanche (35% de establecementos que atenden maioritariamente locais). Con todo, 75% do sector da restauración declara non observar diferenzas entre a demanda de visitantes e de locais, e non modifica a oferta en función da temporada turística (alta ou baixa).

Nestas mesmas localizacións tamén se concentra a oferta de **produtos típicamente turísticos** (alimentos, bebidas e *souvenirs*), que anda por volta de 40% tanto para a Zona Vella como para o Ensanche. Estes produtos supoñen máis de 90% da compra total de visitantes, excepto no Ensanche (78%).

Dentro da actividade comercial xeral é observábel un claro retroceso na oferta de produtos tecnolóxicos considerados obsoletos e daqueles que, en xeral, están a desaparecer dos modos de vida actual: revelado de rolos fotográficos, vinilos, CD's, lás, abelorios, contas e outros artigos de traballos manuais. Isto contrasta co incremento de **roupa, alimentos, bebidas, xoias e complementos**. Dos datos de 2018, por seu lado, dedúcese a incorporación á oferta “estrela” de produtos relativos á saúde, estética e coidado persoal; de libros, prensa e artigos de papelería; e de produtos electrónicos e informáticos.

En destaque están os *souvenirs*, que son o produto estrela en 4% dos 4.096 establecementos censados na cidade. En xeral os comercios que ofertan este tipo de produto aumentaron a un ritmo de 18% anual desde 1994.

A CIDADE,
O CAMIÑO
E NÓS

Curadores da exposición:
Álvaro Iriarte Sanromán [UMinho]
Roberto Samartín [UdC].

Grupo GALABRA
www.redegalabra.org

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE SANTIAGO

Resultados parciais do proxecto de investigación:
Discursos, mases e prácticas culturais sobre Santiago de Compostela como meta dos Camiños de Santiago (R2012 - 33321).
Narrativas, usos e consumo de materiais como apoio ou anexo para a batalla de Compostela local e caso de Santiago de Compostela (R2017 - 33314).

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

Non encontramos relación significativa entre o gasto realizado por cada visitante durante un día na cidade e as súas características socioeconómicas (idade, renda, nivel educativo). Ora, a despesa diaria aumenta significativamente cando as persoas pasan máis de un día na cidade, e faino nomeadamente en transporte, restauración e cultura.


As persoas que non peregrinan son as máis informadas da oferta comercial da cidade, duplicando neste punto quen vén peregrinando. Alén disto, as visitantes que non chegan peregrinando consomen máis cinema, teatro, concertos, exposicións e visitas a museos que quen peregrina.

Canto aos hábitos de consumo de habitantes de Compostela, unha parte importante das persoas con residencia na cidade **compramos no noso barrio (45%)**, destacando neste costume San Pedro, Ensanche, Conxo, Zona Vella e Vista Alegre / Vite. No outro extremo están as zonas de Almaciga / Basquiños e San Lourenzo / Carme de Abaixo, que consomen fóra nunha percentaxe de 65%.

Xa no que di respecto ao tipo de establecemento en que facemos as nosas compras, os hipermercados e **Centros Comerciais** atraen clientes da súa contorna: Ponte Pedriña, as Cancelas e Fontiñas. O Ensanche compra máis nos **supermercados**, ao igual que Santa Marta / Vidán / Choupana e Vista Alegre / Vite / Guadalupe. A compra nas **tendas tradicionais** vai desde 18% no Ensanche até 50% en San Pedro ou 57% en Conxo.

III.1. Gastronomía


A gastronomía é un dos elementos con máis peso no imaxinario relativo a Santiago. Cando, entre 2013 e 2014, preguntamos a visitantes que actividades pensaban facer na cidade, máis de metade das respostas sinalaban actividades gastronómicas (51%). A mesma pregunta foi respondida nese sentido por 94,8% de visitantes en 2018.




No conxunto dos consumos feitos polas persoas visitantes destacan os relacionados coa gastronomía. A gastronomía é un dos elementos con máis peso no imaxinario relativo a Santiago. Cando, entre 2013 e 2014, preguntamos a visitantes que actividades pensaban facer na cidade, máis da metade das respostas sinalaban **actividades gastronómicas (51%)**. A mesma pregunta foi respondida nese sentido por **94,8 %** de visitantes en 2018.

As preferencias gastronómicas das persoas visitantes estaban moi concentradas: entre o marisco (25,38%) e o polbo (22,92%) a percentaxe de respostas estaba perto de metade das referencias en 2013-2014. Xa en 2018, a

proporción de persoas que fai alusión ao marisco e ao polbo incrementábase levemente (50%), mais sobre todo gañan importancia as carnes e os peixes, porque as persoas que referen este tipo de produtos pasan de representar 15% a significar 39,4% das respostas.



En termos de demanda, por tanto, percíbese unha clara e inicial preferencia das persoas visitantes polo marisco e o polbo.



Para verificarmos se o peso tan destacado na demanda destes alimentos era consecuencia da comunicación turística xerada desde Santiago, foron consultadas as webs turísticas sobre o concello dependentes da administración; porén, a comunicación institucional non parece ser a razón desta concentración que identificamos:

- na web de *Turgalicia* no período de investigación destaca a información sobre marisco e polbo, mais non só. O queixo, o viño, a empanada, o cocido, o peixe, o raxo, a zorza e os pementos de Padrón acompañan estes produtos;
- *Santiagoturismo* menciona o viño, o pan, o mel e o queixo como produtos destacados; así como as carnes de tenreira e porco como ingredientes do “cocido galego”. Entre tanto, na maioría dos restaurantes

Os datos das preferencias gastronómicas poderían facer pensar que temos un comportamento parecido co de visitantes. Entón ...

... Son o marisco e o polbo unha parte importante da dieta local?

Para verificarmos se o peso tan destacado na demanda de marisco e polbo era consecuencia da comunicación turística xerada desde Santiago, foron consultadas as webs turísticas sobre o concello dependentes da administración; porén, a comunicación institucional non parece ser a razón desta concentración da demanda:

Na Web de Turgalicia no período de investigación destaca a información sobre marisco e polbo, mais non só. O queixo, o viño, a empanada, o cocido, o peixe, o raxo, a zorza e os pementos de Padrón acompañan estes produtos. [Santiagoturismo](#)

Claramente **non**: o marisco e o polbo non ocupan ningún dos primeiros lugares no consumo na Galiza.

(74,6%) non achamos diferenza entre a demanda de visitantes e o consumo da xente santiaguesa, e apenas 6,6% alteran a súa oferta segundo a época do ano. Estes datos poderían facer pensar que temos un comportamento parecido co de visitantes. Entón, son o marisco e o polbo unha parte importante da dieta local? Claramente NON: o marisco e o polbo non ocupan ningún dos primeiros lugares no consumo na Galiza.

<i>Posición Galiza</i>	<i>% sobre o total de alimentos consumidos nos anos en que foi realizado o inquérito > Galiza</i>	<i>ALIMENTO Galiza / España (564 produtos de alimentación)</i>	<i>Posición España</i>	<i>% sobre o total de alimentos consumidos nos anos en que foi realizado o inquérito > España</i>
1	16,6	Froita fresca	1	15,4
2	13,3	Leite	2	11,3
...
6	9,1	Verduras e legumes frescos	6	9,5
7	7,9	Carne	7	7,9
8	6,7	Pan	13	5,8
9	6,2	Carne fresca	12	5,6
...
18	5,0	Patacas	17	4,3
...
29	2,4	Peixe fresco	38	1,8

Posición Galiza	% sobre o total de alimentos consumidos nos anos en que foi realizado o inquérito > Galiza	ALIMENTO Galiza / España (564 produtos de alimentación)	Posición España	% sobre o total de alimentos consumidos nos anos en que foi realizado o inquérito > España
...
48	1,3	Marisco	58	1,1
...
175	0,2	Polbo fresco	215	0,2
...
316	0,1	Polbo conxelado	423	0,02

Tabela 1: Painel de consumo alimentario por fogares para residentes na Galiza e na España
 Fonte: Elaboración propia a partir de www.mapa.gob.es/es/alimentacion/

Posición Galiza	1	2	6	7	8	9	10	29	48	175	316
% sobre o total de alimentos consumidos durante os anos en que foi realizado o inquérito Galiza	16,6	13,3	9,1	7,9	6,7	6,2	5,0	2,4	1,3	0,2	0,1
Alimento/Posición Galiza/España 564 produtos de alimentación	Froita fresca	Leite	Verduras e legumes frescas	Carne	Pan	Carne fresca	Patacas	Pelixe fresco	Marisco	Polbo fresco	Polbo conxelado
Posición España	1	11,3	-	7	13	12	17	38	58	215	423
% sobre o total de alimentos consumidos durante os anos en que foi realizado o inquérito / España	15,4	11,3	9,5	7,9	5,8	5,6	4,3	1,8	1,1	0,2	0,02

De feito, á medida que aumenta o número de visitas, e van coñecendo máis a cidade, as persoas visitantes parécense máis connosco nas preferencias gastronómicas.



Visitas previas (nº de respostas)	Primeira visita (826)	Menos de unha visita por ano (652)	Por volta de unha visita por ano (136)	Máis de unha visita por ano (342)
Marisco	10,7%	12 %	3,7%	2,9%
Polbo	8,6%	11,8%	5,9%	2,8%

Tabela 2: Preferencias gastronómicas en función do número de visitas a Compostela
 Fonte: Elaboración propia

Por outro lado, en relación a estes dous produtos obsérvase unha dualidade nas preferencias gastronómicas entre visitantes segundo proveñan do norte ou do sul do Estado Español: procedentes de Asturias, País Vasco e Navarra (tamén das Illes Balears) prefieren marisco (25%), encanto as persoas vindas de Extremadura, de Andalucía e do País Valencià terán no polbo (20%) a súa primeira escolla.




Figura 7: Mapa de preferencias de consumo de polbo e marisco por visitantes españois segundo procedencia
 Fonte: Elaboración propia

Lendo de maneira conxunta os resultados anteriores podemos pensar que os restaurantes de Santiago non ofrecen os produtos habituais na dieta da cidadanía galega. Da mesma maneira, as persoas visitantes non comen nos restaurantes de Santiago coa diversidade recomendada pola comunicación

institucional. Parece que nos restaurantes compostelanos comemos aquilo que nos ofrece a xerencia...

Mais, **que é o que comen as persoas peregrinas?** 84,96% de quen peregrinan tiñan pensado comer ou beber á súa chegada á cidade. Isto marca unha diferenza significativa relativamente ao resto de visitantes, que mostran esta intención nunha percentaxe inferior (73,22%). Alén disto, quen peregrina declara ter comprado alimentos en maior proporción (36,80% fronte a 22,90% das restantes persoas visitantes), nomeadamente torta de Santiago e queixos, aínda que compren comparativamente menos viños, pan, empanada, doces, peixe, carne e marisco. En consumo real, optan máis que o resto de visitantes por marisco e bebidas, ao mesmo tempo que procuran menos petiscos, cafés e doces, mostrando un padrón máis afastado do asociado ao consumo de visitantes fieis e persoas locais.

A actividade comercial da cidade está centralizada en dous espazos —A Zona Vella e o Ensanche— que están “especializados” en produtos e segmentos de clientes diferentes. A Zona Vella serve maioritariamente visitantes (59,5%) e é o epicentro da oferta gastronómica; xa no Ensanche, onde a clientela local ten máis peso, a variedade da oferta comercial é maior.

Por outro lado, a oferta de produtos de alimentación está concentrada na Zona Vella e no Ensanche:

Localización	Restaurantes	Bares	Tendas de alimentación	Total
Entrada Camiño Francés	28	43	25	96
Entrada Camiño Portugués	18	18	14	50
Ensanche	68 (21,05%)	168 (23,40%)	61 (19%)	297 (21,81%)
Zona Vella	92 (28,48%)	180 (25,07%)	120 (37,38%)	392 (28,71%)
Norte da cidade	14	19	8	41
Resto da cidade	81	239	83	403
Zona rural	22	51	10	83

Tabela 3: Localización na cidade da oferta de produtos de alimentación
 Fonte: Clasificación Nacional de Actividades Económicas [CNAE] 2014

A concentración xeográfica das compras das persoas visitantes (90%) é máis alta que a das residentes. Quen vive na cidade acostuma comprar perto da súa vivenda, aínda que con diferentes preferencias segundo a zona de residencia (por exemplo, os centros comerciais son máis visitados pola xente que vive perto deles). Quen visita a cidade fai a práctica totalidade das compras na Zona Vella.

III.2. Produtos estrela

Un de cada cinco comerciantes (21,2%) asinala que os produtos estrela do seu establecemento mudaron nos últimos 20 anos. Algúns dos produtos destacados na oferta e que si mudaron nos últimos 20 anos son os seguintes:



Tal como pode verse, tamén algúns dos produtos estrela están en retroceso por causa da obsolescencia tecnolóxica ou da mudanza nos modos de vida. É o caso das tendas de revelado fotográfico; de venda de vinilos, CD's e cassetes; de impresión e copia de documentos; e das tendas de teas, abelorios e outros artigos de manualidades. Porén, os produtos de uso diario non se encontran en ningún destes casos e parecen estar tamén desaparecendo da oferta principal dos establecementos.

Se atendermos aos produtos en ascenso, estes coinciden con aqueles que as persoas visitantes declaran comprar na cidade: alimentos e bebidas, roupa, *souvenirs* e xoias e complementos.

En 2018 observamos a incorporación de produtos estrela relativos á saúde, estética e coidado persoal (11,7% dos establecementos consultados); libros, imprensas, papelería e artigos relacionados (9,7 %); e tamén de produtos de electrónica e informática (7,8%).

Mais **cal é o peso dos *souvenirs* sobre o total de produtos estrela?** De acordo cos nosos datos, en 2013-2014, os *souvenirs* representaban 3,2% dos produtos estrela vendidos en establecementos da cidade (0,7% máis que antes) e eran as vendas principais de 3,9% do comercio compostelano, representando un crecemento de 1,2% respecto ao pasado. Segundo a actualización de 2018, o peso deste tipo de comercio continúa a aumentar, chegando a 10,7%.

- Os *souvenirs* representaban 3,2 % dos produtos estrela da cidade en 2013-2014, 0,7 % máis que antes desas datas.
- 3,9 % dos establecementos da cidade tiñan *souvenirs* como produto estrela, o que representaba un incremento de 1,2 % respecto ao pasado.
- En 2018 esta proporción atinxe 10,7 %.

E aínda, **cal é a evolución temporal das aberturas de negocios dedicados á venda de *souvenirs*?** Cabe apuntar que, conxuntamente, 54,5% dos locais deste tipo foi aberto con posterioridade a 1993. Mais importa destacar que o número dos creados a partir de 2012 representa 18,2% do total, unha percentaxe considerábel levando en conta que o período transcorrido é de menor duración que os precedentes.

Cal é a localización dos produtos estrela?

A oferta na cidade/no concello dos produtos estrela vinculados á restauración, alimentación, bebidas, hospedaxe e *souvenirs* (que constitúen tamén os produtos tipicamente turísticos) está concentrada na Zona Vella e no Ensanche.

	Antes de 1994	De 1994 a 2003	De 2004 a 2011	De 2012 a 2014	Total
Souvenirs, artigos artesanais e decorativos	45,5%	18,2%	18,2%	18,2%	100%

Tabela 4: Abertura de negocios de *souvenirs* en Santiago de Compostela
 Fonte: Elaboración propia, a partir de CNAE (2014)

A localización dos produtos estrela típicamente turísticos – vinculados a alimentación e hospedaxe, ademais de *souvenirs* – en Santiago de Compostela concéntrase na Zona Vella e, tamén, no Ensanche.

	Restaurantes	Bares	Tendas Alimentación	Total
Ensanche	21,05 %	23,40 %	19 %	21,81 %
Zona Vella	28,48 %	25,07 %	37,38 %	28,71 %

III.3. Xeografía da oferta comercial e tipos de negocio

A oferta comercial está localizada xeograficamente segundo a tipoloxía de negocio, conforme se observa nas informacións reproducidas na tabela a seguir.

	CAMIÑO FRANCÉS	CAMIÑO PORTUGUÉS	ENSANCHE
451: Venda de automóbeis	5	3	2
452: Talleres mecánicos	4	5	8
453: Recambios automóbil	1	0	2
454: Venda e reparación de Motocicletas	0	0	0
471: Venda miúdo (non especificada)	16	11	61 (25,7%)
472: Venda ao miúdo, alimentos e tabaco	25	14	61 (19%)
473: Bombas de gasolina	2	1	1
474: Venda miúdo TIC	6	5	36 (33,3%)
475: Venda ao miúdo fogar, mobilia e electrodomésticos	25	17	113 (25,7%)
476: Venda ao miúdo lecer e cultura, deporte	11	12	52 (33,6%)
477: Vestido, calzado, farmacia e outros	25	27	352 (44,7%)
478: Venda ao miúdo ambulante	2	0	5
479: Venda ao miúdo por máquinas e internet	0	0	2
531: Actividades postais e de correos	0	0	0
532: Mensaxaría privada	2	1	6
551: Hoteis e similares	11	11	39 (26%)
552: Apartamentos e aloxamentos turísticos	1	0	9 (27,3%)
553: Campismo	1	0	0
559: Pensións e albergues	0	1	4 (25,9%)
561: Restaurantes	28	18	68 (20,9%)
562: Cátering	0	3	3
563: Bares	43	18	168 (23,4%)
791. Axencias de viaxe	0	2	34 (65,4%)
799: Outros servizos de reservas	1	0	4 (25%)
960: servizos persoais	12	24	129 (37,7%)
TOTAL	221	173	1159


ZONA VELLA	NORTE DA CIDADE	RESTO CIDADE	RESTO RURAL	TOTAL
0	49 (54,4%)	18	13	90
3	47 (33,1%)	41	34 (23,9%)	142
0	14 (56,0%)	6	2	25
0	0	1	1	2
56 (23,6%)	9	74	10	237
120 (37,18%)	8	83	10	321
0	6 (27,3%)	7	5 (22,7%)	22
7	12	38	4	108
140 (31,8%)	32	92	21	440
29 (18,7%)	4	42	5	155
176 (22,3%)	23	170	15	788
3	1	23	11 (23,9%)	46
0	2	4	2	10
1	0	3	0	4
0	7	8	5	29
39 (26%)	2	40	8	150
9 (27,3%)	0	9	5	33
0	0	0	1	2
4 (25%)	0	5	2	16
92 (28,3%)	14	81	22	325
2	0	13	2	23
180 (25,1%)	19	239	51	718
5	0	10	1	52
4 (25%)	0	5	2	16
40 (11,7%)	11	109	17	342
910	260	1121	249	4.096

Tabela 5: Localización da oferta comercial na cidade
 Fonte: Elaboración propia, a partir de CNAE (2014)

Así, o sector do automóbil está situado no Polígono Norte e o Ensanche e Zona Vella concentran a venda ao miúdo, hotéis, servizos de restauración e servizos persoais. O Ensanche, por súa vez, atrae 65% das axencias de viaxe.



Por zonas do concello, a percentaxe máis alta de oferta de produtos de restauración, alimentación, bebidas, hospedaxe e *souvenirs* encóntrase na Zona Vella (29%) e no Ensanche (14%), seguidos de Área Central (12%). Mais observando o peso deses produtos no conxunto da oferta de cada unha das zonas destaca a do Camiño de Fisterra, que concentra neste ámbito 77% do seu comercio, seguida de Área Central (70%) e de San Lázaro / Porta do Camiño (67%), bastante por riba da Zona Vella, onde representan 54%, e moito máis que no Ensanche e nas Cancelas, ambos con 29%, onde a diversificación comercial é claramente maior.



De acordo co tipo de clientela declarada polas persoas comerciantes, as nosas compras están concentradas na Zona Vella e no Ensanche, mais a concentración das compras das persoas que nos visitan é aínda maior.

		Clientela local esporádica	Maioritariamente visitantes	Mistura de visitantes e locais	Maioritariamente locais
Zona	Camiño Francés	1	5	10	18
		10%	13,5%	9,9%	8,9%
	Camiño Portugués	1	0	0	22
		10%	0%	0%	10,8%
	Camiño de Fisterra	0	4	8	6
		0%	10,8%	7,9%	3%
	Ensanche	0	3	21	71
		0%	8,1%	20,8%	35%
	Zona Vella	6	22	41	28
		60%	59,5%	40,6%	13,8%
	Polígonos do Norte	0	2	16	29
		0%	5,4%	15,8%	14,3%
	Resto cidade	2	1	5	24
20%		2,7%	5%	11,8%	
Resto rural	0	0	0	5	
	0%	0%	0%	2,5%	
Total	10	37	101	203	
	100%	100%	100%	100%	


		Visitantes esporádicos	Outros	NS/NR	TOTAL
Zona	Camiño Francés	6	0	0	40
		11,5%	0%	0%	9,8%
	Camiño Portugués	16	1	0	40
		30,8%	16,7%	0%	9,8%
	Camiño de Fisterra	0	0	0	18
		0%	0%	0%	4,4%
	Ensanche	1	2	0	98
		1,9%	33,3%	0%	23,9%
	Zona Vella	3	0	1	101
		5,8%	0%	100%	24,6%
	Polígonos do Norte	0	1	0	48
		0,0%	16,7%	0%	11,7%
	Resto cidade	25	2	0	59
48,1%		33,3%	0%	14,4%	
Resto rural	1	0	0	6	
	1,9%	0%	0%	1,5%	
Total	52	6	1	410	
	100%	100%	100%	100%	

Tabela 6: Localización das compras segundo o tipo de clientela
 Fonte: Elaboración propia


As características socioeconómicas (idade, renda e nivel educativo) das persoas que nos visitan non mostran efectos significativos nas despesas realizadas en xeral, nin en ningún capítulo de gasto en particular. O que se detecta é, por un lado, que quen visita a cidade en só un día gasta máis en compras e, por outro lado, que quen pasa unha noite ou máis incrementa os seus niveis de gasto por persoa e día non só en aloxamento, mais tamén en transporte, en restauración e en cultura.

Mais, **son as persoas peregrinas diferentes?** 58,97% hospédase en Santiago (sobre todo en albergues, hostais e pensións), o que acontece menos no caso de visitantes que non peregrinan (53,29%), que usan en maior medida hoteis e casas de amigos ou familiares. Só 2,31% das peregrinas se informa sobre a oferta comercial da cidade, fronte a 4,11% das non peregrinas, que teñen un perfil de procura máis activo. Quen peregrina vai máis a museos e concertos e menos ao cine, ao teatro e ás exposicións, e gasta menos que as visitantes que non peregrinan en todas as partidas.

Onde compra quen nos visita? Na Zona Vella está localizado 60% dos establecementos que declaran ter unha clientela constituída exclusiva ou maioritariamente por visitantes, mentres que 35% dos comercios que teñen como clientela maioritaria a poboación local está na Zona Nova.



Entón nós, onde compramos? As persoas residentes en Compostela e os concellos limítrofes compramos maioritariamente no noso bairro (só nel, 45% e combinando o propio bairro e outros espazos, máis 28%).



A tendencia a comprarmos no propio barrio é xeralizada, mais nalgúns casos é especialmente relevante:


- en San Pedro 69,4% das persoas residentes declara comprar exclusivamente no barrio;
- no Ensanche e Conxo a percentaxe de persoas que compra só no barrio (66,4% e 65,3%; respectivamente) tamén supera significativamente a media;
- na Zona Vella e Vista Alegre / Vite acontece practicamente o mesmo, pois son zonas da cidade en que 58,3% de residentes declara facer as compras exclusivamente no propio barrio.



As persoas residentes en Compostela e os concellos limítrofes compramos maioritariamente na nosa zona.

Ora, noutras zonas da cidade a dinámica é diferente:

- en San Lourenzo / Carme de Abaixo unicamente 18,2% das persoas residentes compra no barrio, fronte a 68,2% que recoñece comprar apenas fóra do barrio;
- en Almaciga / Basquiños a percentaxe de xente que compra só no barrio é aínda menor (10,3%) e 65,5% da viciñanza cuestionada di facer as compras exclusivamente fóra do barrio.



Canto á **tipoloxía** de establecemento comercial, o supermercado é o tipo de comercio en que máis persoas recoñecen comprar (67,6%), seguido das tendas tradicionais (37,4%), do Mercado de Abastos (26,7%), dos centros comerciais (16,4%) e dos hipermercados (15,8%).


O noso comportamento de compra é, porén, diferente segundo residamos nun ou noutro lugar da cidade. Así, son as persoas de Conxo (57,1%), San Pedro (50%), Cruceiro da Coruña/ Salgueiriños (47,6%) e Zona Vella (45,8%) quen declaran o maior uso da **tenda tradicional**. No polo oposto sitúanse as do Ensanche (17,6%) e As Cancelas/ S. Lázaro (20%). Por seu lado, o **Mercado de Abastos** é máis frecuentado por residentes en San Lourenzo/ Carme de Abaixo (50%) e nos barrios do norte da cidade (superando 40%). Os valores máis baixos encóntranse na Ponte Pedriña (8,7%). O **supermercado**, para alén de ser o tipo de local comercial máis utilizado no conxunto do concello, domina nos usos das persoas do Ensanche (89,6%), da zona de Santa Marta/ Vidán/ Choupana (84,6%) e de Vista Alegre/ Vite/ Guadalupe (80,6%). Xa o uso dos **hipermercados** e dos **centros comerciais** está moi condicionado polo lugar de residencia, sendo significativamente máis utilizados por residentes das zonas onde están asentados estes establecementos, como é o caso de as Cancelas / San Lázaro (40%) e por habitantes de concellos limítrofes a Compostela; no polo oposto, as persoas de San

Qué espazos comerciais son os preferidos?

As persoas que residen nos concellos limítrofes destacan por realizaren as súas compras en tendas tradicionais. Nas zonas de Conxo, San Pedro e Salgueiriños tamén é moi utilizado este formato comercial. Pola contra, o Ensanche é a zona da cidade onde a tenda tradicional é unha opción menos destacada.

O formato centro comercial é moi utilizado polas persoas que residen nos concellos limítrofes. Dentro da cidade, e probablemente porque contan cun centro comercial próximo, as zonas das Canceles, Salgueiriños, Pontepedriña e as Fontiñas destacan no uso deste formato. As persoas das zonas de Vista Alegre/Vite/Guadalupe e San Pedro son as que menos recorren aos centros comerciais para faceren as súas compras.

Canto á tipoloxía de establecemento comercial, o supermercado é o tipo de comercio en que máis persoas recoñecen comprar (67,6 %), seguido das tendas tradicionais (37,4 %), do Mercado de Abastos (26,7 %), dos centros comerciais (16,4 %) e dos hipermercados (15,8 %). O noso comportamento de compra é, porén, diferente segundo residamos nun ou noutro lugar da cidade.



Pedro e de Vista Alegre / Vite / Guadalupe declaran un uso ben limitado destes establecementos (2,8%).

Por seu lado, comparado co resto do concello, o **rural** tende a comprar máis en Hipermercados (22,3% *vs.* 15,8%) e en centros comerciais (20,4% *vs.* 16,4%); fai un consumo similiar en tendas tradicionais (34% *vs.* 37,4%) e compra menos en supermercados (49,5% *vs.* 67,6%), aínda que esta é tamén a opción maioritaria.

Tenda tradicional	34%
Mercado de Abastos	7,8%
Supermercado	49,5%
Hipermercado	22,3%
Centro Comercial	20,4%

Tabela 7: Tipo de establecemento onde as persoas do rural realizan as compras
Fonte: Elaboración propia

Mais o diferencial fundamental está neste caso no Mercado de Abastos, que pouco usa para comprar (7,8% *vs.* 26,7%), apesar de que, certamente, o rural santiagués é fornecedor de produtos de horta ao Mercado. Probabelmente a explicación global deste fenómeno pode estar relacionada co consumo en hipermercados e centros comerciais por diversas razóns (horarios, tipoloxías, confianza ou accesibilidades, por exemplo).

Das parroquias do rural con máis habitantes, están ben por riba da media no uso da tenda tradicional Aríns e Enfesta (50%) e por baixo, sobre todo Marrozos (11,1%) e o Eixo (25%). Canto á compra en supermercados, a Peregrina é a que máis menciona este tipo de establecemento (83,5%), seguida de Enfesta e Marrozos (66,7%). No polo oposto, só 31,6% das mencións de Villestro son aos supermercados. Por seu lado, o Mercado conta cun importante continxente de usuarios da Peregrina (50%), mais ninguén de Villestro, de Enfesta ou da Sabugueira o mencionou. Os hipermercados presentan números bastante similares á media: o que máis os usa é Sabugueira, con 30% e o que menos, con 16,7%, Aríns. Os centros comerciais obteñen 36,4% das mencións de Laraño, 33,3% da Peregrina e de Enfesta e 31,6% de Villestro; no lado contrario, temos apenas 10% da Sabugueira e 16,7% de Aríns.

Perguntadas as persoas do rural polos lugares onde realizan as súas compras, este é o resultado global:

Na miña zona	9,7%
Fóra da miña zona	80,6%
NR	3,9%
Na miña zona e fóra	5,8%

Tabela 8: Lugares onde as persoas do rural realizan as compras
 Fonte: Elaboración propia

Este resultado contrasta fortemente co do conxunto do concello, onde se encontra 45% de “Na miña zona”, 28% de “Na miña zona e fóra” e 24% de “Fóra da miña zona”. Frente a iso, 100% da Peregrina, 90% da Sabugueira e 89,5% de Vilvestro afirman comprar fóra da súa zona. Enfesta (33,3%) e Lاراño (27,3%) son quen máis compran no seu propio entorno. Ninguén de Marrozos, a Peregrina ou Aríns menciona a propia parroquia como lugar de compras, aínda que Aríns e Marrozos destacan pola fórmula mista (25% e 22,2%), contrastando coa Peregrina, que compra 100% fora da propia parroquia.

En xeral, as persoas do Rural que saen da súa parroquia para comprar usan moi pouco para isto a Zona Vella (só mencionada, e pouco, por Sabugueira, Aríns e Vilvestro, dentre as parroquias con máis habitantes); menos (3,9%) frecuentan o Mercado de Abastos (só conta co xa citado 50% da Peregrina e con 12,5% do Eixo). Constátase como emerxe Santa Marta / a Rocha (2,9%), unha zona da cidade de novo impulso inmobiliario, fronte á nula referencia a espazos como San Pedro, a estes efectos. Véxase o relativo equilibrio entre a Zona Nova (17,5%), a máis utilizada –e, mesmo así, só citada por 9 das parroquias–, e as Cancelas (13,5%). É notorio o declinio, para o rural, da Área Central, fronte ao Hipercor, que atinxe 6,8%, usado sobre todo por persoas de Lاراño e Vilvestro.

	Lugar						
	Barciela	Peregrina	Aríns	Busto	Carballal	Cesar	Enfesta
Zona Vella	0%	0%	8,3%	0%	0%	0%	0%
Mercado de Abastos	0%	50%	0%	0%	0%	0%	0%
Rúa de San Pedro/ Concheiros	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Zona Nova	0%	0%	8,3%	0%	0%	0%	16,7%
Santa Marta - A Rocha	0%	16,7%	0%	50%	50%	0%	0%
Centros comerciais e hipermercados (xén.)	0%	0%	8,3%	50%	0%	0%	0%
As Cancelas	50%	0%	8,3%	0%	0%	0%	16,7%
Área Central-Fontiñas	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Hiperacor-Restollal	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Supermercados e tendas (xén.)	0%	16,7%	8,3%	0%	0%	0%	0%
Polígonos (xén.)	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Polígono de Costa Vella	0%	0%	0%	0%	50%	0%	0%
Polígono do Tambre	0%	0%	8,3%	0%	0%	0%	0%
Resto da cidade	0%	33,3%	0%	50%	50%	0%	16,7%
Toda a cidade (xeral)	0%	0%	8,3%	0%	0%	0%	0%
Outros	50%	0%	8,3%	0%	0%	100%	0%
NS	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
NR	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%

	Lugar					
	Grixoa	Laraño	Marantes	Marrozos	Nemanzo	Eixo
Zona Vella	50%	0%	0%	0%	0%	0%
Mercado de Abastos	0%	0%	0%	0%	0%	12,5%
Rúa de San Pedro/ Concheiros	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Zona Nova	50%	27,3%	0%	11,1%	50%	25%
Santa Marta - A Rocha	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Centros comerciais e hipermercados (xén.)	0%	0%	0%	11,1%	0%	12,5%
As Cancelas	50%	0%	33,3%	22,2%	0%	0%
Área Central-Fontiñas	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Hipercor-Restollal	50%	18,2%	0%	11,1%	0%	0%
Supermercados e tendas (xén.)	0%	0%	0%	22,2%	0%	0%
Polígonos (xén.)	0%	0%	0%	11,1%	0%	12,5%
Polígono de Costa Vella	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Polígono do Tambre	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Resto da cidade	0%	0%	0%	22,2%	0%	0%
Toda a cidade (xeral)	0%	9,1%	0%	0%	0%	0%
Outros	0%	9,1%	66,7%	22,2%	50%	12,5%
NS	0%	0%	0%	0%	0%	0%
NR	0%	0%	0%	0%	0%	0%


	Lugar			
	Sabugueira	S. Xoán de Fecha	S. Xoán de Fora	Sta Cristina de Fecha
Zona Vella	10%	50%	0%	0%
Mercado de Abastos	0%	0%	0%	0%
Rúa de San Pedro/ Concheiros	0%	0%	0%	0%
Zona Nova	40%	0%	0%	0%
Santa Marta - A Rocha	0%	0%	0%	0%
Centros comerciais e hipermercados (xén.)	0%	0%	0%	100%
As Cancelas	20%	0%	0%	0%
Área Central-Fontiñas	0%	0%	0%	0%
Hiperacor-Restollal	0%	0%	0%	0%
Supermercados e tendas (xén.)	0%	0%	0%	0%
Polígonos (xén.)	0%	0%	0%	0%
Polígono de Costa Vella	10%	0%	0%	0%
Polígono do Tambre	0%	0%	0%	0%
Resto da cidade	0%	0%	0%	0%
Toda a cidade (xeral)	0%	0%	0%	0%
Outros	10%	0%	0%	0%
NS	0%	0%	0%	0%
NR	0%	0%	0%	0%

	Lugar		
	Verdía	Villestro	Total
Zona Vella	0%	5,3%	4,9%
Mercado de Abastos	0%	0%	3,9%
Rúa de San Pedro/ Concheiros	0%	0%	0%
Zona Nova	0%	21,1%	17,5%
Santa Marta - A Rocha	0%	0%	2,9%
Centros comerciais e hipermercados (xén.)	33,3%	0%	5,8%
As Cancelas	33,3%	21,1%	13,6%
Área Central-Fontiñas	0%	0%	0%
Hiperacor-Restollal	0%	15,8%	6,8%
Supermercados e tendas (xén.)	0%	0%	3,9%
Polígonos (xén.)	33,3%	0%	2,9%
Polígono de Costa Vella	0%	0%	1,9%
Polígono do Tambre	0%	0%	1%
Resto da cidade	0%	0%	6,8%
Toda a cidade (xeral)	0%	5,3%	2,9%
Outros	0%	42,1%	18,4%
NS	0%	0%	0%
NR	0%	0%	0%

Tabela 9: Distribución de lugares de compras das persoas do rural, en función da parroquia de orixe
Fonte: Elaboración propia

Tanto as persoas visitantes como as residentes foron tamén preguntadas en relación á consideración que lles merece a **actividade comercial e de restauración da Zona Vella** compostelana, que foi, historicamente, a área central do Concello e, en consecuencia, ten sido referencia de Santiago en termos comerciais e de funcionamento de bares, cafés e restaurantes.

No conxunto urbano, a oferta de restauración da Zona Vella é percibida como máis variada do que a oferta comercial xeral (6,7 *vs.* 4,88 nunha escala de 8). Cabe destacar que son as persoas de Salgueiriños, Vite, Sar e Ponte Pedriña as que atribúen os valores máis positivos ao comercio desta zona – tanto en relación á restauración, superando os 7 puntos, como en xeral, por riba de 5,4 –, con diferenzas significativas en relación aos manifestados polas de Vista Alegre, Santa Marta e Basquiños, sobre todo na oferta xeral, que evalúan con un aprobado escaso (con 4,3, 4,29 e 4,22, respectivamente), mais tamén na de restauración que non chega a 6 ou pouco o supera (6,03, 5,89 e 5,75).



O rural conserva, en xeral, unha idea relevante deste espazo da cidade canto á restauración (que merece, en media, 7,13 sobre 8 puntos), mais no que se relaciona coa actividade comercial é notorio o seu retroceso, pois só atinxe unha media de 5,02 e mesmo rexistra unha percentaxe, a de Aríns, por baixo de 4 sobre 8.

		É variada a oferta comercial da Zona Vella?	É variada a oferta de restauración da Zona Vella?
Total	Media	5,02	7,13
	Nº	96	92
	Desviación estándar	2,18	1,58

Tabela 10: Valorización xeral da oferta comercial e de restauración da Zona Vella pola xente do rural
 Fonte: Elaboración propia

Por parroquias, manifestan as seguintes opinións:

Lugar		É variada a oferta comercial da Zona Vella?	É variada a oferta de restauración da Zona Vella?
A Barciela	Media	3,00	6,00
	Nº	1	1
A Peregrina	Media	5,17	5,60
	Nº	6	5
Aríns	Media	3,50	7,17
	Nº	12	12
Busto	Media	5,00	6,00
	Nº	2	2
Carballal	Media	6,00	7,50
	Nº	1	2
Cesar	Media	5,00	8,00
	Nº	1	1
Enfesta	Media	5,00	7,75
	Nº	6	4
Grixa	Media	5,00	7,00
	Nº	2	2

Lugar		É variada a oferta comercial da Zona Vella?	É variada a oferta de restauración da Zona Vella?
Laraño	Media	5,60	7,20
	Nº	10	10
Marantes	Media	7,00	7,67
	Nº	3	3
Marrozos	Media	4,00	7,00
	Nº	8	9
Nemenzo	Media	7,00	8,00
	Nº	2	2
O Eixo	Media	5,25	6,57
	Nº	8	7
Sabugueira	Media	5,50	7,57
	Nº	8	7
San Xoán de Fecha	Media	7,50	8,00
	Nº	2	2
San Xoán de Fora	Media	5,00	5,50
	Nº	1	2
Santa Cristina de Fecha	Media	7,00	
	Nº	1	
Verdía	Media	4,33	7,33
	Nº	3	3
Vilvestro	Media	5,05	7,44
	Nº	19	18

Tabela 11: Distribución parroquial da valorización do rural sobre a oferta comercial e de restauración da Zona Vella
 Fonte: Elaboración propia

As persoas que visitan Compostela manifestaron, por súa vez, as seguintes opinións con respecto á valoración da oferta comercial da Zona Vella; segundo a súa nacionalidade de procedencia:

	España	Portugal	Brasil	Galiza	Significación estadística
Ampla/ Suficiente	12,8	22,2	26,5	21,5	NS
Insuficiente	10,1	2,2	17,4	13,9	NS
Homoxénea	43,4	46,6	47,8	27,8	NS
Variada	33,9	29,2	14,3	32,9	NS
Prezos accesíbeis	20,6	16,7	8,2	17,7	NS
Prezos altos	18,5	26,7	4,3	25,0	NS
Oferta produtos de boa calidade	27,8	31,9	26,5	19,0	NS
Oferta produtos de má calidade	9,1	6,7	4,3	8,3	NS
Boa atención clientela	5,6	2,8	4,1	2,5	NS
Má atención clientela	3,0	6,7	13,0	0,0	NS
Estabelecementos en positivo	15,6	5,6	10,2	19,0	NS
Estabelecementos en negativo	6,1	0,0	0,0	22,2	S
Valorización positiva xenérica	12,8	12,5	32,7	17,7	S
Valorización negativa xenérica	2,0	0,0	0,0	0,0	NS
Excesiva orientación ao turismo	8,1	2,2	4,3	16,7	NS

Tabela 12: Valoración da oferta comercial da Zona Vella segundo nacionalidade (NS: estadisticamente non significativo; S: estadisticamente significativo)
Fonte: Elaboración propia

En xeral, as diferenzas significativas obsérvanse no conxunto, isto é, entre as catro nacionalidades. Así, a oferta comercial compostelana é considerada suficiente e de boa calidade, mais claramente homoxénea, aínda que haxa un amplo rango que non se define, como é posíbel comprobar no caso das respostas procedentes de visitantes chegados da España, que afirman ser ampla en 12,8%, mais onde só 10% din que é insuficiente.

Mais a valorización positiva dos establecementos é máis baixa no caso das persoas portuguesas, mentres son as galegas quen fan a valorización máis negativa (22,2%), probabelmente relacionada coa carga turística –como se pode ver no item de orientación ao turismo–; apesar diso, a valorización positiva xenérica é boa, no conxunto galego, porque pesan outras relacións non turísticas. Nun sentido semellante, nas respostas do Brasil combínase a máis alta valorización xenérica (32,7%), co valor máis elevado para má atención ao

cliente (13%), o que parece indicar que isto último é algo puntual no conxunto da experiencia.

III.4. Quen se parece máis connosco, nas prácticas e nas opinións?

Observando o comportamento declarado en relación coa actividade comercial da cidade polas persoas das diferentes procedencias estudadas –isto é, galegas, españolas, portuguesas e brasileiras–, detéctase unha maior coincidencia ou proximidade entre as da Galiza e as de **Portugal**, para as cales se identificaron as seguintes variábeis semellantes:

- compramos especialmente en supermercados e centros comerciais, máis na Zona Nova e menos na Zona Vella;
- compramos máis pan, doces, libros, roupa e xoias e non tanto produtos considerados típicos, como viño, torta de Santiago ou queixos;
- entendemos que os prezos son altos;
- temos a máis baixa valoración positiva na atención á clientela.





Figura 8: Representación da proximidade de prácticas e opinións de consumo por nacionalidade
Fonte: Elaboración propia (Análise de componentes principais, SPSS-IBM Versión 25)

IV.

A CIDADE E QUEN A HABITA

A comunidade local olla e (re)pensa
(a diversidade de) Santiago de Compostela

Através desta mostra presentamos –conforme se indicou na introdución– parte dos resultados que se desprenden das entrevistas feitas a persoas locais, entre 2014 e 2015 e tamén, a efectos de actualización dos datos, en 2018.



Con frecuencia, móstranse aquí resultados desagregados por zonas da cidade porque, aínda sen o valor estatístico do conxunto, entendemos que este tipo de abordaxe permite ver e facer leituras indicativas de visións da cidade a partir das súas diversas zonas. Na lóxica, xa apuntada, de extensións tamén son referidos Ames e Teo.

A CIDADE E QUEN A HABITA

Inclúense, ademais, informacións tiradas de 103 entrevistas resultantes de un traballo de campo específico sobre a área rural de Santiago, que foron realizadas entre xuño e xullo de 2019, atendendo a unha solicitude da Federación de Asociacións Veciñais do Rural de Santiago de Compostela (FERUSA) e dalgunhas asociacións veciñais que participaron en encontros e mesas redondas organizadas polo Grupo. Nesta mostra excluíronse San Marcos / Bando

**A CIDADE,
O CAMIÑO
E NÓS**

Curadores da exposición:
Zósimo López Pena [UNIR]
Irene Pichel Iglesias [Galabra-USC]

Grupo GALABRA
www.redegalabra.org

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE SANTIAGO

Resultado parcial de proxecto de investigación:
Discursos, temas e prácticas culturais sobre Santiago de Compostela como vila do Camiño de Santiago PT2012_35521:
Narrativas, usos e consumo de vilas como aliados ou inimigos para o desenvolvemento comunitario local: o caso de Santiago de Compostela, PT2017-00194-0.

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACION E UNIVERSIDADES


UNION EUROPEA
FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

O rural compostelano

Populación (N): 11783
 Mostra (n): 103
 p=q: 0,5
 Nivel de confianza: 95%
 Erro da mostra: +- 9,61%

Excluíuse San Marcos / Bando e Figueiras (os dous núcleos seleccionados para a mostra do conxunto do concello). Daremos conta sobre todo dos resultados parciais das parroquias onde as persoas entrevistadas superan o número de 6.


Parte o
 ño de
 ago da
 idade
 aguesa?



ñtense
 go, máis
 máis español
 os aumentan
 o conxunto da
 arrozos (C: 7,33;
 as as parroquias
 o de galeguidade
 in sentimento de
 están por baixo da
 a Fora (6); Laraño
 33); A Barciela
 ,50) Villestro
 (6,64) e A
 a (6,67)


e Figueiras, por seren núcleos xa representados na mostra do conxunto do concello, e foron consideradas as restantes parroquias rurais: Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha, Grixoa, A Peregrina, Verdía, Busto, Nemenzo, Marantes, a Barciela, César, o Carballal, Enfesta, Sabugueira, Aríns, Marrozos, o Eixo, Lاراño, Villestro e San Xoán de Fóra.

Para coñecermos en que reside e se referencia a identidade da comunidade compostelana podemos comezar por nos preguntarmos se existe relación entre o(s) **Camiño(s)** e a identidade santiaguesa. A resposta a esta pregunta é rotundamente afirmativa, toda a vez que atinxe nos resultados da investigación unha media ben elevada, estando en 7,26 sobre 8 (SCQ 7,26; Ames 7,32; Teo: 7,21).



Se analisarmos o dado en función das zonas delimitadas instrumentalmente na cidade, verificamos que por riba de 7,5 están a Zona Vella (7,65) e a saída do Camiño a Fisterra (7,52). Por onde pasa o Camiño Francés, a media de 7,92 que presenta San Marcos diminúe máis de un punto na zona das Cancelas / San Lázaro (6,91) e cae en San Pedro (6,84), con índice á baixa similar ao Castiñeiriño (6,86) e só máis recortado nas Galeras / Casas Novas (6,38), aínda que se trate de dúas zonas nada ou pouco afectadas polo fluxo do Camiño.

A Zona Vella asume esa identidade ligada ao(s) Camiño(s), mais a conclusión é que parece existir algún receo en relación con esta realidade en zonas saturadas e detéctase unha certa distancia naquelas non afectadas directamente pola(s) rota(s).



Na actualización de 2018, a identificación parece baixar un pouco, até 6,56 no conxunto da mostra (SCQ 6,69; Ames 6,5; Teo 5,8).

Xa con relación á Compostela rural, podemos destacar que existe unha fortísima valorización na afirmación do Camiño como parte da identidade santiaguesa, con 7,71 sobre 8, situándose ben por riba da media.



IV.1. O sentimento de pertenza e o gosto pola cidade

O sentimento de compostelanidade podería, *a priori*, nutrirse do de galeguidade (sendo Compostela capital e referente da Galiza, como recoñecen máis de 60% das persoas galegas entrevistadas), que costuma aparecer moi alto cando a compostelanidade é máis baixa da media. Mais non é sempre así.



De feito, interrogadas sobre o sentimento de pertenza en relación á España, á Galiza e a Santiago de Compostela e respondendo sempre nunha escala de 1 a 8, a valorización das persoas locais inquiridas varía en función do seu lugar de residencia.




Así, San Lourenzo / Carme de Abaixo manifesta un altísimo sentimento de galegitude (7,91), que contrasta con índices de compostelanidade (6,23) e españolidade (6,25) por baixo da media. En liña similar está San Pedro, que desce a 5,86 no sentimento de españolidade e a 6,18 no de compostelanidade, con 7,32 de galegitude. Ese baixo índice relativo de compostelanidade é moi semellante ao do Castiñeiríño (5,83), que, en contraste, ofrece o segundo índice máis alto de galegitude (7,83), algo máis de ponto e medio (sobre 8) que de españolidade (6,17).

Conxo é o barrio que manifesta o máis baixo sentimento de españolidade (5,24), situándose próximo das medias en compostelánidade (6,39) e galeguidade (7,47). No caso de Belvís / Sar tamén o sentimento de españolidade é o máis baixo (6), mais están por riba da media os de compostelánidade (7,04) e galeguidade (7,48).

Dúas zonas da cidade presentan alto índice de sentimento de pertenza nas tres esferas de identificación, superando as medias: as Cancelas / San Lázaro (7,09 de compostelánidade; 7,64 de galeguidade e 7,36 de españolidade) e a Ponte Pedriña (respectivamente 6,95; 7,82 e 7,05).

O sentimento de galeguidade é o dominante en todas as zonas de Santiago excepto no caso das Figueiras, en que se sitúa un pouco por baixo do de compostelánidade (7,16 *vs.* 7,12) e a certa distancia do 6,6 de españolidade.

No rural compostelano tamén se sitúa en primeiro lugar o sentimento de galeguidade, que, con 7,67, atinxe un valor máis elevado que o atribuído no conxunto da mostra do concello. O mesmo acontece coa españolidade, que chega a 7,19, e coa compostelánidade, que vai até 6,96.



Sen contar Ames e Teo, a media de sentimento compostelano de pertenza está en 6,5 sobre 8 (A/T 6,36), por baixo da de galeguidade, que é 7,45 (A/T 7,42) e da de españolidade, que se sitúa en 6,20 (A/T 6,31). Con todo, cabe subliñar, por un lado, que Ames e Teo se senten bastante compostelanos e, por outro lado, que as persoas de Teo superan un pouco a media en galeguidade e máis de medio punto en españolidade. No control de 2018 eses sentimentos mantéñense en proporcións similares (aínda que baixando un pouco, máis significativamente en españolidade).

	Santiago	Ames	Teo
Compostelanidade	6,50	5,73	6,26
Galeguidade	7,45	7,26	7,50
Españolidade	6,20	6,46	6,92
Actualización 2018			
	Só Santiago	Total	
Compostelanidade	6,11	6,04	
Galeguidade	7,29	7,37	
Españolidade	5,78	5,46	

Tabela 13: Sentimento de pertenza – Mostra completa e control 2018
 Fonte: Elaboración propia




Estes datos poden ter a ver co gusto pola cidade. De feito, 40,8% das persoas compostelanas declaran gostar máis da cidade actual que da de vinte ou máis anos atrás, fronte a 30,6% que declaran gostar menos e a 28,6% que manifestan non ter mudado. Porén, esta tendencia parece estar baixando e inverténdose, de acordo con aquilo que reflecten as actualizacións, através do gusto declarado no control feito en 2018.

	Santiago	Ames	Teo
Gosta máis	40,8%	32,6%	6,26
Gosta menos	30,6%	30,4%	7,50
Gosta igual	28,6%	37,0%	6,92
Actualización 2018			
	Santiago (Nº: 21)	Total (Nº: 27)	
Gosta máis	23,8%	29,1%	
Gosta menos	38,1%	33,3%	
Gosta igual	38,1%	37,0%	


Tabela 14: Gosto pola cidade – Mostra completa e control 2018
 Fonte: Elaboración propia

Por idades, son as persoas máis novas as que manifestan maior preferencia pola cidade de antes (aínda situando en percentaxes próximas unha consideración igual pola Compostela do pasado e a do presente) e tamén as percentaxes máis baixas de valorización da Compostela actual. As da faixa etaria intermedia mostran certa preferencia pola cidade actual, que é claramente a favorita de quen ten 65 ou máis anos, xa que concita máis de metade dos gostos.



As zonas en que as persoas gostaban máis da cidade antes son a Ponte Pedriña, as Cancelas / San Lázaro, San Lourenzo / Carme de Abaixo e Conxo. As persoas que declaran gostar máis de Santiago agora encóntranse nestas zonas: San Pedro, Cruceiro da Coruña / Salgueiriños, as Fontiñas, San Marcos, Vista Alegre / Vite, Guadalupe, e Santa Marta / Choupana / Vidán e Belvís / Sar (50%).

Comparando os resultados de 2015 coa actualización de 2018, parece que o sector máis crítico era o de idade na faixa 30-49 anos.



Actualización para o conxunto da mostra:

		Grupo de idade			Total
		De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	
Gostaba máis da cidade antes ou agora?	Gostaba máis da cidade antes	17,6%	71,4%	33,3%	33,3%
	Gosto da cidade igual agora que antes	52,9%	0%	33,3%	37%
	Gosto máis da cidade agora	29,4%	28,6%	33,3%	29,6%
Total		100%	100%	100%	100%


Tabela 15: Gosto pola cidade e idade – Control 2018 completo
 Fonte: Elaboración propia

Actualización para residentes en Compostela:

	Grupo de idade			Total
	De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	
Gostaba máis da cidade antes	18,2%	71,4%	33,3%	38,1%
Gosto da cidade igual agora que antes	63,6%	0%	33,3%	38,1%
Gosto máis da cidade agora	18,2%	28,6%	33,3%	23,8%
Total	100%	100%	100%	100%


Tabela 16: Gosto pola cidade e idade – Control 2018 só Santiago
 Fonte: Elaboración propia

Os resultados dos inquéritos no rural compostelano mostran que 45,6% das persoas aí residentes prefiren a cidade actual, aínda que se sitúe en segundo lugar a percentaxe de quen gostaba máis da Compostela do pasado, que é de 30,9%. O valor máis baixo, de 23,5%, vai asociado á inexistencia de alteración no gusto por Santiago. Mais importa asinalar que, das parroquias grandes, en Aríns ningún mostrou preferencia pola cidade actual (57,1% prefere a de antes e 42,9% non mudou) e que preferían o Santiago de antes 50% das persoas entrevistadas en Enfesta e 33,3% das de Marrozos. Na Peregrina, só 20% declaran preferencia pola cidade do pasado, que en Laraño non consegue ningunha adhesión (*vs.* 80% para a actual). Na Sabugueira, 50 % das persoas gostan igual, mais 33,3% preferían a cidade de antes (coincidindo nisto con Marrozos que, no entanto, manifesta 50% de gusto pola actual, como o Eixo, onde só 16,5% gostaba máis antes). En Vilvestro, 55,6% gusta máis da cidade agora e só 11,1% antes.



Hai tres zonas do concello onde o gusto pola cidade é máis antes que agora de maneira rotunda: as Cancelas / San Lázaro (50% *vs.* 16,7% ; e 33,3% igual antes que agora), San Lourenzo / Carme de Abaixo (con exactamente igual percentaxe) e, sobre todo, a Ponte Pedriña, onde 90% gostaba máis antes, fronte a 10% agora. Conxo tamén prefería a cidade antes (38,1% *vs.* 9,5%), só que a maioría deste zona gusta igual antes que agora (52,4%). Por súa vez, nas Galeras / Casas Novas aparece un empate entre quen gostaba máis antes e quen gusta tanto antes como agora (40% en cada caso), con só 20% gostando máis da cidade agora. Non será polas mesmas causas, mais cabe intuír algunhas, como, por exemplo, a presión urbanística ou demográfica.

A xente das Figueiras é quen máis gusta tanto antes como agora (63,6%), con 18,2% no polo de quen gostaba máis antes e o mesmo 18,2% de quen gusta máis agora. Non será casual que sexan exactamente as persoas das Figueiras quen menos mudaron de lugares predilectos na cidade (pois 90,9% declaran non ter alterado as súas preferencias *vs.* 9,1% que si o fixeron). Mais tamén se constata que nisto son seguidas por aquelas zonas máis críticas co Santiago actual, como a Ponte Pedriña, onde 81,8% continúan a manter os mesmos espazos favoritos do pasado *vs.* 18,2% que os alteraron.



É significativo que sexan persoas da faixa de idade que nos inicios de 90 tiñan entre 10 e 20 anos as máis críticas coa cidade actual e que sexan as máis vellas as que teñen a visión contraria. Probabelmente, estas valoran transformacións da cidade en aspectos de *agradabilidade* que as persoas máis novas non senten tanto como tales. O declinio ou ascenso progresivo no gusto da cidade segundo a idade parece dar a entender que o ambiente ou as intervencións en Compostela foron paulatinamente agradando a quen tiña na década de 90 do século pasado máis de 25 anos e, sobre todo, máis de 40 (entre 40 e 60, fundamentalmente), isto é, a quen ocupaba as que podemos denominar faixas centrais e que, probabelmente, tamén sería a poboación máis envolvida ou atenta ás mudanzas da cidade.

En síntese, hai zonas en que o gosto pola cidade agora é igual ou superior a 50%: San Pedro (64,7%), Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (64,3%), as Fontiñas (62,5%) San Marcos (60%), Vista Alegre / Vite / Guadalupe (54,2%), e Santa Marta / Choupana / Vidán e Belvís / Sar (50%). En todas elas, o sector de idade que mostra esta preferencia de maneira máis contundente é o de 65 e máis anos. Mais existe unha excepción, San Pedro, onde a percentaxe máis baixa corresponde ás persoas de maior idade 66,7% (30-49 anos) / 75% (50-64 anos) / 57,1% (65 ou máis anos).

IV.2. Espazos e lugares que nos representan, que queremos, que usamos

En Santiago de Compostela e con relación aos espazos, emblema, querenza e uso nen sempre van de mans dadas. Presentamos, a seguir, informacións relacionadas coa percepción local sobre os espazos da cidade: os que son aponados como emblema de Santiago, os que gozan da querenza das persoas e, tamén, aqueles cuxo uso é afirmado. Convén indicar que cando as persoas responderon podían citar até 3 lugares e que houbo quen respondeu de modo xenérico (p.ex. indicando “Zonas Verdes” ou “Instalacións deportivas” entre os seus “Lugares máis queridos”).

Os datos que veñen a continuación deben ser lidos tendo en conta que os números (expresados en %) significan a percentaxe das persoas que responderon citando ese lugar e que **cada percentaxe é independente das demais**. Para facilitar as comparacións, os datos son colocados en tabelas (que non deben ser vistas como unha distribución das respostas entre os espazos), cuxa interpretación se fai do seguinte modo: 6,3% de residentes na Almaciga / Basquiños / San Caetano fixo referencia ás Cancelas / San Lázaro, fronte a 93,7% que non a mencionou; 0,1% fixo referencia a Belvís / Sar e 99,9% das persoas entrevistadas non o citaron, etc.

Os lugares emblemáticos

A **Zona Vella** encontra o seu maior apoio como lugar emblemático da cidade na Ponte Pedriña (65,2% de mencións) e nas Figueiras (57,7%) e son a zona de San Pedro e a de Vista Alegre / Guadalupe / Vite quen a sitúan máis por baixo da media (que é de 44,5%), dándolle 31,6%.

Para San Pedro, o lugar máis emblemático é a **Alameda** (42,1%), que ocupa o segundo posto das preferencias de Vista Alegre / Guadalupe / Vite (26,3%).

A **Catedral** atinxe máis de 50% de mencións en Santa Marta / Vidán / Choupana (55,6%), Vista Alegre / Guadalupe / Vite (55,3%), Castiñeiriño (53,3%) e San Pedro (52,6%).

Son zonas distantes do centro as que máis citan o **Mercado de Abastos**: San Marcos (25%), Cruceiro da Coruña / Salgueiriños e as Cancelas / San Lázaro (18,2%) e as Figueiras (15,4%); mais tamén o citan por cima de 10% San Pedro (13,2%) e San Lourenzo (13%).

Só hai tres **lugares** que son mencionados ao menos algunha vez como **emblemáticos** por todas as Zonas:

- ★ **Zona Vella**
- ★ **Obradoiro**
- ★ **Catedral**

A **Cidade da Cultura** non é citada por 8 das 17 entidades.

Despois de lugares concretos e a Zona Vella, as zonas que máis mencións reciben do resto –aínda que sexa só unha– son Belvís / Sar, Ensanche e San Pedro (todas elas citadas en once das dezasete zonas).

San Pedro e Vista Alegre / Guadalupe / Vite son as dúas zonas da cidade que fan máis vida de barrio, despois da Zona Vella.

A maior consideración da Alameda como lugar emblemático da cidade, alén de en San Pedro, está en Santa Marta / Vidán / Choupana (44,4%), no Ensanche (43,7%) e en Conxo (40,8%). As persoas das Figueiras son quen menos a mencionan (7,7%), seguidas das de Galeras / Casas Novas (12,5%) e o Castiñeiriño (13,3%).



As zonas que máis mencionan a Catedral son San Marcos (66,7%) e Almá-ciga / Basquiños / San Caetano (59,4%). É na zona que considera máis emblemática a Zona Vella, Ponte Pedriña, onde a Catedral é menos citada (17,4%), por baixo do Obradoiro (21,4%) e igual que a Quintana, e, sobre todo, por baixo da Alameda (34,8%); nos menores índices de mención seguen 21,4% no Ensanche (por debaixo de 22,2% do Obradoiro) e 22,4% en Conxo (igual percentaxe que o Obradoiro).

Ames está entre as zonas que colocan a Catedral como principal lugar emblemático de Santiago (48,6%). Ames (45,8%) e Teo (40,6%) tamén sitúan como emblemática a Zona Vella –que para Teo, é o emblema máximo, á fronte da catedral (36,6%)–, seguida do Obradoiro (25% e 34,7%) e da Alameda (22,2% e 25,7%).

Con relación ás ausencias, cabe notar que Belvís / Sar non cita o “Entorno da Catedral”, San Marcos non refere a Alameda e as Galeras / Casas Novas non menciona o Mercado de Abastos.

Hai zonas que tenden a considerar como emblemáticos espazos de esparcemento próximos: San Pedro é quen máis cita Bonaval (21,1%), seguido da Almaciga / Basquiños / San Caetano (12,5%) e, con igual percentaxe, as Galeras / Casas Novas. Santa Marta / Vidán / Choupana citan o Campus Sul (22,2%), seguido de San Lourenzo / Carme de Abaixo (13%) e a eles únese Cruceiro da Coruña / Salgueiriños, con 13,6%.

S. Pedro conta coa mención da súa viciñanza (13,2%) e, particularmente, coa do Cruceiro da Coruña / Salgueiriños e dun espazo adxacente, as Cancelas / San Lázaro (9,1% nos dous casos).

Quen supera en maior percentaxe a media (6,80% no conxunto da mostra, 7% só en Compostela) das mencións á **Zona Nova**? Ela mesma (13,5%), o Castiñeiriño (13,3%), e, en terceiro lugar, a Zona Vella (10,2%), que recibía a maior consideración da Zona Nova, como víamos. O mesmo Teo menciónaa con 6,90% (0,1% por baixo da media excluindo Ames e Teo).

Para a Cidade da Cultura non parece funcionar o efecto da proximidade, pois obtén 1,5% das mencións das persoas entrevistadas nas Fontiñas e as de Belvís/ Sar nin a citan. De feito, o maior apoio *emblemático* encóntrao en San Lourenzo / Carme de Abaixo (8,7%) e Vista Alegre / Vite / Guadalupe (con 7,9%, marcando outra singularidade desta zona).

A **Rúa do Franco** é considerada fundamentalmente como emblema de Santiago polas persoas do Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (13,6%), Vista Alegre / Vite / Guadalupe (13,2%) e as Fontiñas (10,8%), a mesma percentaxe que esta última zona dá á Rúa do Vilar, a máis alta de todas as entidades consideradas. Das dezasete entidades contempladas neste estudo, cinco colocan a **Rúa do Vilar** como emblemática por riba da consideración das xentes da Zona Vella, que a deixan en 4,1% fronte a 8,2% que atribúen á Rúa do Franco.

Encerramos esta sección con referencia ao que manifestan as respostas do inquérito rural, situando a Zona Vella e a Catedral como principais emblemas da cidade (con 49,5% e 42,7% das mencións, respectivamente), seguidas de lonxe pola Alameda (15,5%) e polo Obradoiro (10,7%), e completadas polo entorno da Catedral. Este último espazo consegue 6,8% das mencións, o mesmo valor emblemático de Compostela que é (auto)atribuído ás áreas rurais,

particularmente por medio das referencias de Marantes e Verdía (onde representaron 33,3% do total), de Marrozos, con 22,7%, e de Enfesta, con 16,7%, mais tamén de Aríns e Villestro, con 8,3% e 5,3%.



Hai zonas emblemáticas?


Preguntadas as persoas polos lugares máis emblemáticos de Santiago de Compostela, a **Zona da Améndoa** (que denominamos xenericamente Zona Vella) reúne, de modo moi destacado, o maior número de mencións, sendo citada por todos os bairros.

As zonas menos citadas son as Figueiras, que non merece ningunha referencia, seguida de Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (1/17, de San Marcos, con 8,3%, e sen citarse a si mesmo), as Fontiñas (1/17, mais que si se cita a si mesmo, 4,6%) e a Ponte Pedriña (1/17, citándose tamén a si mesmo, 4,3%), e, coincidindo en recibiren referencias de dúas das zonas e non se autocitaren, as Cancelas / San Lázaro, Conxo e S. Marcos.

Sobre a consideración da **Zona Vella** en Santiago, cabe indicar que todas as persoas das Cancelas/ San Lázaro (100%) a citaron, mentres a percentaxe cae até 59,4% en Almáciga/ Basquiños/ San Caetano, chegando a 66,7% no Castiñeiriño e 68,4% en Vista Alegre / Vite / Guadalupe; no resto das zonas compostelanas, a Zona Vella supera 70% de mencións. Nos casos de Ames e Teo, as referencias á Zona Vella sitúanse por riba de 80%.

A lóxica do concello e a súa proxección exterior fan que se espere un número esmagador de mencións á Zona Vella, de tal modo que as outras zonas citadas constitúen excepcións relevantes. Fóra desa lóxica e pondo de parte a *Améndoa*, que outros bairros conteñen lugares considerados emblemáticos?

As zonas que máis mencións reciben do resto (aínda que sexa só 1) son **Belvís / Sar, Ensanche e San Pedro**, citadas por once das dezasete zonas.



A Zona Vella cítase a si mesma moito (79,6%), mais nunha percentaxe inferior á que presenta en dez das dezasete zonas delimitadas. Despois da Zona Vella, quen máis se autocitan son o Ensanche (13,5%), San Pedro (13,2%) e Belvís / Sar (13%), en total coincidencia coa perspectiva do resto do concello e dos seus barrios! E, salvo as mencións á Zona Vella, as súas propias son as máis altas.

San Lourenzo / Carne de Abaixo, que é moi pouco citado (en 3 das 17 zonas), dá a si mesmo 8,7%, a maior percentaxe despois da que dá á Zona Vella. O mesmo acontece no caso de Vista Alegre / Vite / Guadalupe (mais referida en 8 das 17 zonas), que dá a si propia 7,9%, percentaxe idéntica á que dá á Cidade da Cultura, que ten nesta zona o seu principal apoio *emblemático*. Os dous casos presentan indicios de autoestima.

Deixando de lado a especificidade da parte antiga –cuxa percentaxe de mencións é a primeira en todos os barrios–, existen bastantes casos en que se detecta maior consideración emblemática externa do que interna: Almáciga / Basquiños / San Caetano cita máis Belvís / Sar (6,3%); as Cancelas / San Lázaro dá 9,1% das súas mencións ao Ensanche e outro tanto a San Pedro; o Castiñeiríño presenta 13,3% das súas mencións ao Ensanche e a si mesmo 0%, reservando 3,3% para outras catro zonas; Conxo dá 10,2% ao Ensanche, 4,1% a San Pedro e 2% a Belvís / Sar, Vista Alegre / Vite / Guadalupe e San Lourenzo / Carne de Abaixo; Cruceiro da Coruña / Salgueiriños dá 9,1% a San Pedro e 4,5% a Belvís / Sar; As Fontiñas (4,6%) menciona máis San Pedro (7,7%) e, a seguir, o Ensanche e Almáciga / Basquiños / San Caetano (6,2% cada); Santa Marta / Vidán / Choupana dá 7,4% das súas mencións ao Ensanche e 3,7% tanto para si mesmo como para San Pedro, Belvís / Sar e Galeras / Casas Novas.

A Ponte Pedriña só menciona tres zonas, que son a Zona Vella (91,3%), as Cancelas / San Lázaro e a si mesmo (4,3% cada). Nas Galeras / Casas Novas só achamos mencionada a Zona Vella (87,5%) e, con 12,5%, tanto Vista Alegre / Vite / Guadalupe como Santa Marta / Vidán / Choupana. As Figueiras só

citan, alén da Zona Vella, San Pedro (3,8%) e San Marcos, que tampouco se cita a si mesmo, reservando 8,3% das mencións para o Ensanche e Cruceiro da Coruña / Salgueiriños.


Con certeza, existen diversas causas para explicar as mencións, como, por exemplo, as persoas citaren lugares onde habitaron previamente. Mais o que aquí identificamos pode ser un bon índice para dúas cousas: o reforzamento *emblemático* de determinadas zonas, por un lado, e a detección de que a autoestima non anda moi alta, por outro lado, ao se citaren lugares non habituais (os *históricos* ou os *comerciais*, fundamentalmente) e semellantes aos propios.

Os lugares máis queridos

Estes son os lugares que mellor definen unha cidade e, probabelmente, o termómetro maior da súa cohesión e do que é –neste aspecto– máis importante para as súas xentes, xuntamente co complemento dos lugares máis usados.

Os afectos están moi repartidos... Mais poden anotarse algunhas curiosidades:

- se houber que seleccionar a zona da cidade cuxas opinións sobre os lugares máis queridos se aproximan das do conxunto da mostra, esa é a de San Lourenzo / Carme de Abaixo;
- a Cidade da Cultura, os Museos e os Centros Comerciais, que aparecían na listaxe de máis emblemáticos, non están entre os afectos das persoas, pois non son citados en termos de querenza.




Globalmente, os resultados mostran que todas as zonas mencionan como lugar querido **preferentemente a Zona Vella**, salvo dúas. A primeira excepción é a de Canceiras / S. Lázaro, que a sitúa ao nivel de San Pedro (27,4%) e por baixo das Zonas Verdes (36,4%) e de Bonaval (45,5%), que ten nesta Zona –con moito– as xentes que máis o queren (e que deixan a Alameda nun relativamente modesto 9,1%). A outra excepción é San Marcos (16,7%), cuxos afectos van máis para a Alameda e para o Mercado de Abastos (25% en cada caso).

A **Alameda** concita afetos sobre todo en Santa Marta / Vidán / Choupana (33,3%) e na Ponte Pedriña (30,4%). É tamén querida por unha porcentaxe importante de persoas de Almáciga / Basquiños / San Caetano (28,1%), San Pedro (26,3%), Ensanche (26,2%) e San Lourenzo / Carme de Abaixo

(26,1%). Mais existe unha zona que a cita moi pouco, a de Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (4,5%).

A **Catedral**, que tiña 37,5% de referencias como lugar emblemático, desce 30 puntos na consideración media como espazo querido. Só consegue máis de 10% das mencións en Belvís / Sar (13%), nas Fontiñas (10,8%) e en Vista Alegre / Vite / Guadalupe (10,5%), e hai catro zonas que non a citan: as Cancelas / San Lázaro, a Ponte Pedriña, San Pedro e Galeras / Casas Novas.

O xenérico “**Parques e Zonas Verdes**” ten en tres zonas percentaxes superiores a 30%: nas Galeras / Casas Novas (37,5%), nas Cancelas / San Lázaro (36,4%) e en Belvís / Sar (34,8%). San Marcos é a única zona que non o menciona.



O **Mercado** de Abastos ten os seus maiores afectos en San Marcos (25%), San Marta / Vidán / Choupana (7,4%), Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (9,1%) e as Figueiras (7,7%).


A **Zona Nova** é querida pola súa xente (10,3%) e conta con dúas zonas aliadas ben particulares: o Castiñeiriño (10%) e Conxo (6,1%).



A **Quintana**, que non recibe mencións en catro zonas (o Castiñeiriño, Álmaciga / Basquiños / San Caetano, Galeras / Casas Novas e San Marcos), atinxe percentaxes superiores a 15% noutras tres: as Cancelas / San Lazaro (18,2%), a Ponte Pedriña (17,4%) e Vista Alegre / Vite / Guadalupe (15,8%).

O **Obradoiro** presenta un afecto máis sostido, sen os picos altos da Quintana, e obtén a maior percentaxe de mencións nas Galeras / Casas Novas (12,5%) e na propia Zona Vella (12,2%), que baixa a Quintana até 8,2%.

Os resultados dos inquéritos das persoas do rural compostelano con respecto aos lugares referidos como máis queridos son enormemente significativos, tanto porque a Zona Vella continúa a ocupar unha posición centralísima nos afectos, situándose en primeiro lugar con 55,3% das referencias, como por causa da segunda posición atribuída ao **Rural** (16,5%) e, tamén, en función da escasa adhesión á Catedral (7,8%). Ademais, conséntase a resistencia dos afectos pola Alameda (12,6%) e a emerxencia de Parques e Zonas Verdes (con 7,8%, situados ao nivel da Catedral), ben como, especificamente, Bonaval (3,9%) e Belvís (1,9%). Por outro lado, a Zona Nova merece 4,9% das referencias e o Mercado –que só tiña 1% como emblemático– emerxe con 3,9% como querido, percentaxe na cal coincide coa valorización do Obradoiro. Finalmente, pode destacarse que a Rúa do Franco e a Cidade da Cultura conseguen unha adhesión de 2,9%, superando en 1 punto a Quintana.



Como se mostrou na Exposición Central e pode ser consultado no volume *A Cidade, o Camiño e Nós. Desenvolvemento do proxecto expositivo e participación social en Santiago de Compostela*, a **Catedral**, que merecía 37,5% de mencións como emblemática, só obtén 7,5% como querida. Será sintomático que as persoas da propia Zona Vella a coloquen en afectos por baixo de Parques e Zonas Verdes (14,3%), ao mesmo nivel que a Quintana (8,2%), e que, como foi referido, haxa catro zonas que non a citan –dúas das cales son ben próximas: San Pedro e Galeras / Casas Novas– e só outras tantas que lle atribúen valores afectivos superiores a 10%.

O Santiago Nordeste é o que máis aprecia **San Pedro**. Se pasarmos de San Marcos até San Pedro, pasamos polas áreas con maior querenza por esta zona: San Marcos (16,7%), as Fontiñas (13,8%) e o mesmo San Pedro (23,7%). Mais hai quen aínda o quere máis: as Cancelas / San Lázaro, con 27,3% das mencións. Polo contrario, as xentes de Belvís / Sar non o mencionan, como tampouco as da Ponte Pedriña, as Galeras / Casas Novas e as Figueiras

Para o **Franco**, destaca o índice de 16,7% de San Marcos, seguido polos do Castiñeiriño (6,7%), a Almáciga / Basquiños / San Caetano (6,3%) e Conxo, con 6,1%, a mesma percentaxe que obtén da Zona Vella.

É notábel o surto da Rúa do Vilar, con 2,5% do total das referencias, e de Belvís, con 2,2%, que poderán mostrar, probabelmente, antigas e novas que- renzas, segundo o caso. Por seu lado, Cervantes aparece con 1,7% do total, a Praza do Toural con 1,2% e a Rúa Nova con 0,8%. Mais cando observamos os resultados sen os dados de Ames e Teo, todos estes lugares soben en per- centaxe: Rúa do Vilar (3,4%), Belvís (3%), Cervantes (2,4%), Toural (1,6%) e Rúa Nova (1%).

Ao **Toural** chegan os afectos da súa propia xente (4,1%), máis do Casti- ñeiriño (3,3%), de Vista Alegre / Vite / Guadalupe (2,6%), de Conxo (2%), Ensanche (1,6%), Fontiñas (1,5%), e, sobre todo, de Santa Marta / Vidán / Choupana (11,1%): as zonas ao seu sul, fundamentalmente.

A **praza de Cervantes** ten os afectos máis repartidos pola cidade: San Mar- cos (8,3%), Conxo (6,1%), a Ponte Pedriña (4,3%), Figueiras (3,8%), Santa Marta/ Vidán/ Choupana (3,7%), Fontiñas (3,1%), San Pedro e Vista Alegre / Vite / Guadalupe (2,6%), Zona Vella (2%) e Ensanche (1,6%).

A Quintana non é citada en 4 Zonas.
O Santiago Nordeste é o que máis aprecia San Pedro.
As prazas do Toural e do Pan (Cervantes), as Rúas do Vilar e Nova e tamén Belvís emerxen cando se trata de afectos, e o Eixo Preguntoiro/Orfas.

As rúas do Vilar e Nova ofrecen tamén afectos moi repartidos, mais salientando o aprezo pola **Rúa do Vilar** das propias xentes da Zona Vella (10,2%), aínda que tamén atrae que- renzas de Belvís / Sar (8,7%), de Santa Marta / Vidán / Choupana (7,4%), da Almaciga (6,3%), das Fontiñas (6,2%), de San Lourenzo / Carme de Abaixo e da Ponte Pedriña (4,3%), de Vista Alegre / Vite / Guadalupe (2,6%), do Ensanche (2,4%) e de Conxo (2%). No caso da **Rúa Nova** –que recibe 2% das mencións de Teo– destá- case como querida por San Marcos (8,3%), a Almaciga / Basquiños / San Caetano e as Fontiñas (3,1%), por Vista Alegre / Vite / Guadalupe (2,6%) e polo Ensanche (0,8%).

Belvís ten afectos máis concentrados, que lle chegan fundamentalmente das súas zonas contiguas, San Pedro (13,2%) e Belvís / Sar (8,7%); mais tamén das Fontiñas (6,2%), Zona Vella (6,1%), atraíndo igualmente Santa Marta / Vidán / Choupana (3,7%), Almaciga / Basquiños / San Caetano (3,1%), Vis- ta Alegre / Vite / Guadalupe (2,6%), Conxo (2%) e Ensanche (1,6%).

Vale a pena, aínda, citar o caso do eixo **Preguntoiro / Orfas**, tradicional espazo de pequeno comercio, que merecía unha percentaxe emblemática igual á da Rúa Nova (1,5%) e algo inferior á do Toural (1,9%), e que, como espazo

querido, emerxe por cima da Nova, con 1,8% das mencións –igual que o Toural–, sendo citada por trece das zonas da mostra (e tamén Ames e Teo).


En termos de afectos, a zona de Cancelas / San Lázaro é non só a máis selectiva –porque só cita sete lugares queridos– como tamén a que presenta opinións máis singulares e diferentes das medias: a súa hierarquía de aprezo coloca Bonaval á fronte (45,5%), seguido de Parques e Zonas Verdes (36,4%), Zona Vella e San Pedro (27,3%), Quintana (18,2%) e “Resto da Améndoa” e Alameda (9,1%).

De outro punto de vista, cabe sinalar que son ben escasos os afectos que reciben a Cidade da Cultura, os museos e os centros comerciais:

- a Cidade da Cultura é mencionada como querida por unha persoa (de 22) do Cruceiro da Coruña/ Salgueiriños, unha (de 65) das Fontiñas, unha (de 38) de Vista Alegre / Vite / Guadalupe, unha (de 23) da Ponte Pedriña e unha (de 49) da Zona Vella;
- os Museos só son citados por unha persoa do Cruceiro da Coruña / Salgueiriños, unha (de 126) do Ensanche e unha (de 27) de Santa Marta / Vidán / a Choupana;
- os Centros Comerciais só son mencionados por unha persoa (de 32) da Almáciga / Basquiños / San Caetano e unha (de 65) das Fontiñas.

Os lugares e espazos usados

Sen dúbida, a **Zona Vella** destaca entre os diferentes espazos da cidade que preferimos para o noso lecer e as nosas compras; é citada sempre no primeiro lugar. Na segunda posición sitúanse tanto o Ensanche como os Espazos Verdes e o terceiro lugar é para a Alameda. Mais importa referir que as dúas únicas zonas citadas por todas son o Ensanche e a Zona Vella.



O **Ensanche** é sempre a segunda zona máis referida, excepto para Vista Alegre / Vite / Guadalupe, San Pedro e San Marcos, que sitúan por riba a si mesmos. Nitidamente por riba da media de mencións ao Ensanche están San Lourenzo (30,4%), o Castiñeiriño (26,7%), a Almaciga / os Basquiños / San Caetano (18,8%), o Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (22,7%). Claramente por baixo, encóntranse a Ponte Pedriña (4,3%), as Figueiras (7,7%), San Marcos (8,3%), as Cancelas / San Lázaro (9,1%) e a Zona Vella (10,2%).

San Pedro é moi visitado, pois recibe mencións de once zonas e, por tanto, visitantes locais, a que se unen as persoas foráneas e a propia vida de bairro. Pode con todo?


A zona de **Cancelas / San Lázaro** tamén é bastante utilizada, sendo citada por persoas de dez zonas, mais non de si mesma. Foxe a viciñanza?

No outro extremo podemos situar San Marcos, que só recibe mencións –alén de si mesmo– das Fontiñas (1,5%), o mesmo que ocorre con Cruceiro da Coruña / Salgueiriños; tamén é o caso do Castiñeiriño, que non se cita a si mesmo e só recibe mencións de persoas do Ensanche (1,6%), como Vista Alegre / Vite / Guadalupe (2,6%): serán isolamentos urbanísticos? Convirá repensar a cidade?

Só dúas zonas citan San Lourenzo (é unha zona descoñecida?), que é referido no Ensanche (1,6%) e na Zona Vella (2%), e, a seguir, son catro –contando a si mesma– as que mencionan, aínda que tamén pouco, Santa Marta / Vidán / Choupana.

Do conxunto de 22 lugares concretos máis referidos polas persoas entrevistadas na mostra global, é no Ensanche e nas Fontiñas onde aparecen citados todos eles e no caso de Conxo coa única excepción da Rúa Nova. Estas son as tres zonas que presentan unha visión máis variada e plural do concello, neste sentido.


As respostas das persoas do rural compostelano en relación aos espazos máis utilizados por elas mostran un claro predominio da Zona Vella (33%) e da Zona Nova (30,1%), en conxunto e practicamente empatadas en uso –como declaran, por exemplo, en Laraño e Arís–, aínda que as áreas a Norte e Nordeste manifesten preferencia pola parte antiga da cidade e as situadas a Sul, Sudeste e Sudoeste usen máis o Ensanche. Resulta significativo que a terceira posición sexa ocupada por espazos do propio rural (8,7%), porque mesmo que a percentaxe non sexa moi elevada, supera case en 1 punto os Centros Comerciais (7,8%) e está a bastante distancia do uso declarado de tendas e zonas comerciais (4,9%), bares e cafés (3,9%) e do Mercado (2,9%), asociados ás actividades de compra, en xeral, e de adquisición de produtos de alimentación, en particular, mais tamén a servizos ligados á restauración, que poderán estar tamén na base do uso das proximidades da Zona Vella (2,9%) e das rúas do Franco e do Vilar (1,9%, cada).



A ausencia de calquera uso da Catedral e da Cidade da Cultura por parte das xentes do rural santiagués poden estar a manifestar o claro abandono de hábitos (relixiosos e/ou de desfrute patrimonial) do pasado e a ausencia de adhesión ás novas propostas dese espazo moderno.

Tres casos relevantes: o Pedroso, a Cidade da Cultura e a Colexiata de Sar

Entre os moitos dados acumulados en relación á consideración emblemática, afectiva e de uso dos lugares e espazos de Compostela por parte da comunidade local, queremos destacar tres casos que nos parecen relevantes por varias razóns: o Monte **Pedroso** é un lugar potencialmente referencial de Santiago, como costuma acontecer coas poboacións e os seus montes, praias ou ríos próximos; outro monte, o **Gaiás**, gañou no século XXI protagonismo no concello ao se construír nel a Cidade da Cultura; a **Colexiata** de Sar era, na memoria de moitas persoas de Santiago, o segundo monumento a visitar despois da Catedral. Como están as cousas agora?



Cabe notar que nas súas zonas próximas, Galeras / Casas Novas e Figueiras, o **Pedroso** non é citado. Cítano, como **emblemático**, oito zonas: Cruceiro da Coruña/ Salgueiriños (9,1%), San Lourenzo / Carme de Abaixo, Belvís / Sar e Conxo (4,1%), Zona Vella (2%, máis 2% da Granxa do Xesto), o Castiñeiriño (3,3%), Vista Alegre / Vite / Guadalupe e San Pedro (2,6%). É aínda máis **querido**, xa que o mencionan xentes de dez zonas: Santa Marta / Vidán / Choupana (11,1% somando 7,4% do Pedroso e 3,7% da Granxa do Xesto), as Cancelas / San Lázaro (9,1%), Fontiñas (7,7% unindo 6,2% do Pedroso e 1,5% da Granxa do Xesto), Belvís / Sar, San Lourenzo / Carme de Abaixo e

Ponte Pedriña (4,3%), Castiñeiriño (3,3%), San Pedro (2,6%), Conxo (2%) e, finalmente, o Ensanche (1,6%). Encóntrase referido como espazo máis **utilizado** en sete zonas: as Cancelas / San Lázaro (18,2%), Santa Marta / Vidán / Choupana (7,4%), Cruceiro de Salgueiriños (4,5%), Zona Vella (4,1%), Fontiñas (3,1%), Conxo (2%) e o Ensanche (0,8%).

A **Cidade da Cultura** é considerada **emblemática** con citas en oito das dezasete zonas compostelanas: San Lourenzo / Carme de Abaixo (8,7%), Vista Alegre / Vite / Guadalupe (7,9%), Almaciga / Basquiños / San Caetano (6,3%), Ponte Pedriña (4,3%), Figueiras (3,8%), Santa Marta / Vidán / Choupana (3,7%), Castiñeiriño (3,3%), San Pedro (2,6%). Igual número que para o Pedroso, mais non as mesmas zonas, pois só coinciden catro. É **querida** por cinco zonas: Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (4,5%); Ponte Pedriña (4,3%), Vista Alegre / Vite / Guadalupe (2,6%), Zona Vella (2%) e as Fontiñas (1,5%). Só esta última coincide na querenza polo Pedroso. Finalmente, é **utilizada** en catro zonas: as Cancelas / San Lázaro (18,2%), as Fontiñas (4,6%), San Pedro (2,6%) e Conxo (2%). De todas elas, só San Pedro non coincide no aprezo polo Pedroso, de modo que aquí é onde hai máis consenso, aínda que en poucas zonas no total.

A **Colexiata** do Sar, que pasaba por ser o *segundo monumento a visitar* na cidade, despois da Catedral, non parece estar en bon momento. É considerada **emblemática** para seis zonas das dezasete: Belvís / Sar (8,7%), Almaciga / Basquiños / San Caetano (6,3%), Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (4,5%), Castiñeiriño (3,3%), Vista Alegre / Vite / Guadalupe (2,6%); Zona Vella (2%). É **querida** en catro zonas: Castiñeiriño (3,3%), Almaciga / Basquiños / San Caetano (3,1%), as Fontiñas (1,5%) e o Ensanche (0,8%); e ningunha persoa de Belvís / Sar a menciona como querida! E só unha persoa do Ensanche a citou como **utilizada**.

En síntese:

- Como lugares **emblemáticos**:
 Pedroso 1,7% + 0,1% Granxa do Xesto = 1,8% (sen Ames e Teo 1,6% + 0,1% = 1,7%)
 Cidade da Cultura 1,9% (sen Ames e Teo *idem*)
 Colexiata 1,0% (sen Ames e Teo 1,3%)
- Como lugares **queridos**:
 Pedroso 3,1% + 0,5% Granxa do Xesto = 3,6% (dúas veces máis que emblemático) (sen Ames e Teo 2,7% + 0,3% = 3%)
 Cidade da Cultura 0,6% (tres veces menos que emblemático) (sen Ames e Teo 0,7%)
 Colexiata 0,8% (sen Ames e Teo 0,6%)
- Como lugares **utilizados**:
 Pedroso 1,5% (Granxa do Xesto, 0) (sen Ames e Teo 1,8%)

Cidade da Cultura 1,2% (dúas veces máis que querido) (sen Ames e Teo *idem*)

Colexiata 0,1% (sen Ames e Teo *idem*).

A **Colexiata do Sar** parece estar desaparecendo nas querenzas compostelanas, segundo o que manifesta o conxunto da nosa mostra:

- é emblemática para 0,9% de persoas entre 30 e 49 anos, para 1% da faixa de idade entre 50 e 64 anos e para 2,3% de maiores de 65 anos, mais menores de 30 anos non a citan; e é máis emblemática para as mulleres (1,2%) do que para os homes (0,7%) da mostra;
- só mostran querenza pola Colexiata mulleres (1,4%);
- só unha persoa a cita entre os espazos máis utilizados, representando 0,1% das mencións e correspondendo cun home que pertence ao grupo de idade de 65 ou máis anos.

Non é o caso do **Pedroso** (incluíndo a Granxa do Xesto), que parece ter máis futuro:

- é citado como emblemático por 1,8% do total da mostra, sendo que 3,1% das persoas son menores de 30 anos, 2,6% están na faixa entre 30 e 49 anos, 0,5% se situan entre 50 e 64 anos e ninguén maior de 65 anos o cita. Portanto, ten xuventude... e máis homes (2,3%) que mulleres (1,4%);
- é aínda máis querido, 4,9% de homes e 2,4% de mulleres menciónano entre as súas querenzas; e, no afecto, equilíbranse máis as faixas etarias: todas o mencionan, nunha media de 3,6% (3,7% até 30 anos, 4,6% até 49 anos, 3,3% até 64 anos e 1,7% de 65 e máis anos);
- é utilizado por homes e mulleres (2,1% e 1%), das diversas idades, con destaque para as persoas de maior idade (1,6% até 30 anos, 0,9% até 49 anos, 1,9% até 64 anos e 2,3% de 65 e máis anos).

A consideración da **Cidade da Cultura** é máis irregular:

- é emblemática máis para homes que para mulleres (2,6 *vs.* 1,4%), de todas as idades, salientando a faixa de 30 a 49 anos (2,9% *vs.* 2,1% de menores de 30, 1,7% de máis de 65 anos e 0,5% entre 50 e 64 anos);
- é usada sobre todo por xente nova (1,6%) –aínda que están representadas todas as faixas de idade: 1,1% de 30 a 49 anos e tamén de 65 ou máis; 1% de 50 a 64 anos)– e fundamentalmente por mulleres (1,8% *vs.* 0,5 homes);
- mais é en afecto onde ten os valores máis baixos (homes 0,5% e mulleres 0,8%), aínda que vai aparecendo nas referencias de espazo querido conforme aumenta a idade: sen ningunha mención como querida na faixa de menos de 30 anos (quen máis a usaba) e 0,3% na faixa de 30 a 49 anos, para para 1% na faixa entre 50 e 64 anos e 1,7% para maiores de 65.

O **Pedroso** é referido, como emblemático e como espazo utilizado, en sete das dezasete zonas. Mais e aínda máis querido, pois hai xentes de dez zonas que o mencionan. Por iso, cabe notar que as súas zonas próximas, Galeras / Casas Novas e Figueiras non o citan.

A **Cidade da Cultura** é citada en oito das dezasete zonas como emblemática, mais a cifra baixa a cinco como querida e a catro como utilizada.

A **Colexiata do Sar** é referida como emblemática en sete das dezasete zonas; só aparece como espazo querido en catro (sen ser citada por ningunha persoa de Belvís / Sar...) e unha única persoa do Ensanche declarou o seu uso.

A Colexiata parece estar desaparecendo nas querenzas compostelanas. Non é o caso do Pedroso (incluíndo a Granxa do Xesto), que parece ter máis futuro, mais a Cidade da Cultura non gaña ese afecto.

En busca do Santiago auténtico, a onde non iría nunca?

Interrogadas con respecto aos lugares nos cales non se encontra a autenticidade compostelana, as persoas de Santiago indicaron libremente aquilo que entenderon, resultando un conxunto de respostas do cal seleccionamos, na mostra completa e para a súa presentación aquí, as referencias que superan 5% de mencións. De todas elas, os valores máis elevados corresponden á **Zona Nova**, con 29% (sen Ames e Teo 28,6%), e á **Cidade da Cultura / Gaiás**, que reúne 18,4% (sen Ames e Teo *idem*) das referencias.




A bastante distancia sitúanse os Centros Comerciais, con 9,1% (sen Ames e Teo 9,9%), e as Aforas / extrarradio, que teñen 5,4% das mencións –ás cales

poden sumarse 2,4% dos Polígonos— (sen Ames e Teo 6,2% e máis 2,7%). Finalmente, a zona de Santa Marta / Choupana / Vidán ten 5% das referencias (sen Ames e Teo 5,2%).

Obsérvase que os resultados só de Santiago son moi semellantes aos do conxunto: Ames e Teo comparten opinión coas persoas habitantes de Santiago, mais sitúan por baixo da media o desafecto polos arredores (4,2% e 2%).

Cando se trata das respostas das áreas rurais, de novo as dúas primeiras posicións de “inautenticidade” son ocupadas pola Zona Nova e a Cidade da Cultura, aínda que con valores menos altos (17,5% e 6,8%, respectivamente); as dúas seguintes, as aforas e os Centros Comerciais, tamén coinciden, mais en orde invertida e con percentaxes de referencia inferiores a 5%, ademais de acompañadas por outras diversas zonas citadas co mesmo número de ocorrencias, con destaque para Conxo (4,9%) e para as Fontiñas, que ten 3,9% das mencións, con Santa Marta / Choupana / Vidán.

Nestas opinións manifestadas polas xentes das parroquias rurais cabe sinalar tanto a consideración de ausencia de autenticidade nas proximidades da Zona Vella e no entorno da Catedral, como nas propias áreas rurais, apuntando talvez para transformacións que non son vistas de modo positivo e/ou para algún desapego.



En relación á **Zona Nova**, detéctase que a consideración como inauténtica é máis alta nas Cancelas / San Lázaro (45,5%), seguida de San Pedro, San Lourenzo / Carme de Abaixo, as Galeras / Casas Novas, Cruceiro da Coruña / Salgueiriños, Ponte Pedriña, as Fontiñas e a propia Zona Nova (30,2%), todas por riba da media.

A **Cidade da Cultura** coñece as súas zonas máis críticas na Ponte Pedriña (43,5%), a Almaciga / os Basquiños / San Caetano (34,4%), Belvís / Sar (30,4%), Santa Marta / Choupana / Vidán, o Castiñeiríño, Conxo, San Marcos e as Figueiras (19,2%).

Canto aos **Centros Comerciais**, están igual ou por riba da media de mencións por parte de persoas da Zona Vella (a que máis, con 16,3%), San Marcos, Cruceiro da Coruña / Salgueiriños, San Pedro, Vista Alegre / Guadalupe

/ Vidán, Zona Nova, Conxo, as Fontiñas e as Cancelas / San Lázaro (9,1%), por esta orde.

Conxo destaca como principal zona a considerar inauténtica, con 16,3% das mencións, Santa Marta / Choupana / Vidán. Por súa vez, esta zona é a principal crítica dos **Polígonos**, aos cales destina 14,8% das referencias neste ámbito. As Galeras / Casas Novas destácase, con 25%, como a fundamental zona crítica coas **aforas / extrarradio**.

En termos daquilo a que atribúen “inautenticidade”, Ames e Teo coinciden bastante coas persoas habitantes de Santiago (a pesar da consideración menos negativa manifestada por eles con relación ao extrarradio). Teo menciona bastante as Fontiñas (8,9%) e, sobre todo, Vite / Guadalupe (15,8%) e Vista Alegre / Campus Norte (11,9%); e estende esa visión, con 6,9% nos tres casos, a Santa Marta / Choupana / Vidán / Avda. Barcelona, Conxo e Ponte Pedriña / Restollal / Castiñeiriño, coincidindo coa opinión de Ames neste último caso.

Utilizadas ou non por si mesmas: que zonas fan máis ‘vida de bairro’?

A **Zona Vella** (44,9%) que, pola súa propia natureza, fai converxer moitas xentes nela (con varias zonas superando a súa propia media) é a máis destacada neste sentido. No extremo oposto podemos situar Belvís / Sar, as Galeras / Casas Novas, Castiñeiriño e as Cancelas / San Lázaro, que non se citan a si mesmas entre os lugares máis utilizados. Contrariamente, manifestan unha forte *vida de bairro* San Pedro e Vista Alegre / Vite / Guadalupe, as dúas con 26,3% de automencións.

Once zonas superan as percentaxes de mencións de uso que a Zona Vella indica en relación a si mesma, chegando a 73,9% e a 73,7% de ocorrencias entre as respostas das persoas residentes en San Lourenzo / Carme de Abaixo e San Pedro, respectivamente. A Ponte Pedriña, de que temos moi poucas mencións nesta alínea, é a que menos cita a Zona Vella (21,7%) –reservando 13% para as Cancelas / San Lázaro– e é, xunto coas Galeras / Casas Novas (12,5%), unha das dúas únicas zonas que superan 10% de mencións ao uso das Cancelas / San Lázaro: nelas, parece esmorecer a *vida de bairro*.

Nun termo medio, están o Ensanche (17,5%), San Marcos (16,7%) e San Lourenzo / Carme de Abaixo (13%). Seguen Santa Marta / Vidán / Choupana (11,1%), as Fontiñas (10,8%), Almaciga / Basquiños / San Caetano (9,4%) e Cruceiro da Coruña / Salgueiriños (9,1%). Finalmente, cos valores máis baixos, sitúanse Conxo (6,1%), a Ponte Pedriña (4,3%) e as Figueiras (3,8%).

A autoestima é suficiente para a fortaleza do bairro (coa súa xente)?

Os índices da **Zona Vella** como emblemática, querida e usada pola súa xente son os máis altos; conserva, pois, un alto grao de autoestima, alicerzada – como é natural – nos espazos que concitan maioritariamente a simpatía de todo o

concello. Mais a súa saturación (sobre-explotación?), a perda de populación (da pouca que vai ficando alí) en relación á súa extensión e o tipo de actividade comercial non parecen fortalecela como *bairro*. Nese sentido, é sintomático que sexan máis persoas doutras zonas da cidade que da propia Zona Vella as que a citan como máis emblemática, máis querida, máis usada.



O **Ensanche** parece mostrar índices de maior fortaleza: 13,5%, 10,3% e 17,5% como emblemático, querido e utilizado, respectivamente.

No medio, parécenos estar **San Pedro**: forte auto-estima e (ou *aínda que?*) moito uso de fóra, o que parece un risco para a súa personalidade e cohesión de bairro.



Caso diferente é o de **Vista Alegre / Vite / Guadalupe**: moi pouco visitada, non parece sufrir saturacións e ten a súa fortaleza na súa xente, no uso e na autoestima. 7,9% da súa xente considéraa emblemática de Santiago de Compostela e 21,1% dela colócaa entre os lugares máis queridos (a percentaxe máis alta, despois da Zona Vella e de San Pedro).

As xentes de **Belvís / Sar** sitúan a súa zona entre as máis queridas, tamén con 21,7%, e citan igualmente a súa propia zona como emblemática, con 13%, aínda que non manifesten uso dela.

Por significacións compostelanas, querenzas e usos, cruzados con extensión, número de habitantes e actividades, todo parece indicar que as zonas máis sólidas son Vista Alegre / Vite / Guadalupe e o Ensanche. E que a Zona Vella, fundamentalmente, mais tamén San Pedro, está nalgún risco, aínda que as aparencias enganen. Atención á cohesión social!


IV.3. O turismo e nós: a percepción da mudanza dos modos de vida (polo turismo)

De acordo con aquilo que responderon as persoas entrevistadas, parece que o turismo non muda moito os nosos modos de vida: 2,61 sobre 8, en media (Santiago: 2,67; Ames: 2,46; Teo: 2,41); 2,59 entre os homes e 2,63 entre as


mulleres; mais por idades existen diferenzas significativas, xa que as persoas maiores son as que menos senten a súa vida alterada e as das outras faixas de idade, máis.

Grupo de idade	Media	Nº	Desviación estándar
Menos de 30 anos	2,75	187	2,16
De 30 a 49 anos	2,81	338	2,39
De 50 a 64 anos	2,66	204	2,36
De 65 ou máis anos	1,96	162	1,77
Total	2,61	891	2,25


Tabela 17: Percepción de mudanza nos modos de vida por causa do turismo - Idade
Fonte: Elaboración propia



Mais no control de 2018 a percepción desa mudanza de modos de vida sobe, pois nas actualizacións, a media total resultou de 3,84 sobre 8 (Santiago: 4,11; Ames: 4,27; Teo: 4,50). No caso de Santiago, os resultados medios foron, por sexo, de 3,04 para homes e 4,58 para mulleres; por idade, a percepción dos impactos aumenta, sendo de 3,33 para as persoas de menos de 30 anos, de 3,71 entre os 30 e 49 anos, de 4,86 para persoas de 50 a 64 anos e de 4,75 para idade superior a 65.




O impacto do turismo nos modos de vida das persoas do rural é concebido, en xeral, como sendo ben pequeno, con media de 2,07 sobre 8, aínda que haxa unha diferenza considerábel entre a opinión de quen ten 50 anos ou máis, que só atribúe 1,29 ou 1,57, e a de quen ten menos anos, que ten unha visión diferente, manifestando algunha alteración máis, con 2,46 e 2,74. Por iso, chama máis a atención que na Sabugueira ese valor suba até 5,4, con certeza pola afectación do importante tránsito asociado á peregrinación nos quilómetros que preceden a ascensión ao Monte do Gozo –tendo como referencia o lugar de Lavacolla–, na rota que reúne camiñantes que percorreron o Camiño Francés ou desembocaron no seu trazado a partir de outra das vías que por aí conducen a Compostela.



No conxunto da mostra, **gostan do tipo de turismo** que temos, con media de 6,20 sobre 8 puntos (se só considerarmos Santiago, un pouco menos, 6,09; con 6,65 en Ames e 6,47 en Teo).

No control de 2018, a perspectiva crítica crece, xa que descende o nivel de satisfacción co(a) turista que nos visita, até unha media de 5,3 sobre 8 (aínda que en Santiago sexa de 5,11, distante de 5,60 en Ames e de 6 en Teo), sendo



praticamente igual a valorización de homes (5,29) e de mulleres (5,31), mais habendo clara diferenza por faixas de idade, de acordo con esta distribución: 5 en menos de 30 anos; 5,92 entre persoas de 30 a 49; 4,29 de 50 a 64 anos; 4,29; 4,5 de 65 e máis anos.

Relativamente ás xentes do rural compostelano, a opinión que merece o tipo de turista que vén a Santiago é claramente positiva, con 6,69 sobre 8 de media (superando bastante os valores da mostra inicial de habitantes e, aínda máis, da actualización de 2018) e sen grandes variacións conforme as parroquias de residencia. En calquera caso, cabe anotar que as persoas de máis idade son as máis satisfeitas co turismo e que conforme vai diminuindo a idade desce a satisfacción.



Na mostra, nas respostas á pregunta de **se preferirían outro tipo de turismo**, a crítica tamén crece, en xeral:

		Home	Muller	Total
Preferiría outro tipo de turista?	Si	36,1%	28,3%	31,9%
	Non	63,9%	71,7%	68,1%
Total		100%	100%	100%

Tabela 18: Preferencia por outro tipo de turista – Home / Muller. Mostra completa
Fonte: Elaboración propia

Considerando as respostas só de Santiago de Compostela, a crítica é aínda un pouco maior:

		Home	Muller	Total
Preferiría outro tipo de turista?	Si	37,9%	28,6%	32,8%
	Non	62,1%	71,4%	67,2%
Total		100%	100%	100%

Tabela 19: Preferencia por outro tipo de turista – Home / Muller. Mostra só Santiago
Fonte: Elaboración propia

Esta crítica aumenta aínda máis, no control de 2018, na actualización do conxunto da mostra:

		Home	Muller	Total
Preferiría outro tipo de turista?	Si	31,8%	58,3%	45,7%
	Non	68,2%	41,7%	54,3%
Total		100%	100%	100%

Tabela 20: Preferencia por outro tipo de turista – Home / Muller. Control 2018 completo
Fonte: Elaboración propia

Outra vez, é maior observando os datos relativos só a Santiago de Compostela:

		Home	Muller	Total
Preferiría outro tipo de turista?	Si	23,1%	73,7%	53,1%
	Non	76,9%	26,3%	46,9%
Total		100%	100%	100%

Tabela 21: Preferencia por outro tipo de turista – Home / Muller. Control 2018 só Santiago
Fonte: Elaboración propia

E medra, tamén significativamente, nas faixas etarias centrais, tanto no conxunto da mostra como en relación só a Compostela (confróntense as tabelas 20 e 21):

MOSTRA COMPLETA		Grupo de idade				Total
		Menos de 30 anos	De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	
Preferiría outro tipo de turista?	Si	22,5%	35,8%	36,2%	28%	31,8%
	Non	77,5%	64,2%	63,8%	72,0%	68,2%
Total		100%	100%	100%	100%	100%

Tabela 22: Preferencia por outro tipo de turista – Idade. Mostra completa
Fonte: Elaboración propia

MOSTRA SÓ SANTIAGO		Grupo de idade				Total
		Menos de 30 anos	De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	
Preferiría outro tipo de turista?	Si	20,7%	39,5%	38,3%	25,9%	32,7%
	Non	79,3%	60,5%	61,7%	74,1%	67,3%
Total		100%	100%	100%	100%	100%

Tabela 23: Preferencia por outro tipo de turista – Idade. Mostra só Santiago
Fonte: Elaboración propia

Estas cifras presentan, no control de 2018, un aumento considerábel do lado crítico, sexa no conxunto da mostra ou sexa especificamente no relacionado con Santiago de Compostela (confróntense as tabelas 22 e 23):


CONTROL 2018 COMPLETO		Grupo de idade				Total
		Menos de 30 anos	De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	
Preferiría outro tipo de turista?	Si	69,2%	26,1%	42,9%	100%	45,7%
	Non	30,8%	73,9%	57,1%	0%	54,3%
Total		100%	100%	100%	100%	100%

Tabela 24: Preferencia por outro tipo de turista – Idade. Control 2018 completo
Fonte: Elaboración propia

CONTROL SANTIAGO 2018		Grupo de idade				Total
		Menos de 30 anos	De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	
Preferiría outro tipo de turista?	Si	71,4%	40%	42,9%	100%	53,1%
	Non	28,6%	60%	57,1%	0%	46,9%
Total		100%	100%	100%	100%	100%

Tabela 25: Preferencia por outro tipo de turista – Idade. Control 2018 só Santiago
Fonte: Elaboración propia

Gostan do tipo de turista un pouco máis as mulleres (6,32 sobre 8) do que os homes (6,07), sendo relativamente máis críticas as persoas de 30 a 49 anos (5,99) e de 50 a 64 anos (6,13). Considerando só Santiago, as medias son as seguintes: 5,97 os homes e 6,18 as mulleres; por idades, 6,3 as persoas de menos de 30 anos, 5,8 as de 30 a 49 anos, 5,96 entre 50 e 64 anos e 6,51 para as de 65 e máis anos.



Terá que ver isto co gosto pola cidade? Parece que ten, certamente, porque, entre quen preferiría outro tipo de turista e gostaba máis da cidade antes, as cousas tenden a equilibrarse

		Gostaba máis da cidade antes ou agora?			Total
		Gostaba máis antes	Gosto igual agora que antes	Gosto máis agora	
Preferiría outro tipo de turista	Si	46,7%	25,2%	31,3%	34,1%
	Non	53,3%	74,8%	68,8%	65,9%
Total		100%	100%	100%	100%

Tabela 26: Preferencia por outro tipo de turista e gosto pola cidade (antes, agora, igual)
Fonte: Elaboración propia

De acordo coas respostas obtidas, podemos identificar a existencia en Compostela de **catro zonas máis críticas co (tipo de) turismo**, que son San Pedro, Santa Marta / Choupana / Vidán, a Zona Vella e a Ponte Pedriña.



En San Pedro

47,1 % preferiría outro tipo de turista, 52,9 % non; as persoas máis críticas co tipo de turista son as que máis gostan da cidade actual (54,5 % vs 45,5 %): gostando máis agora, temen que o tipo de turista actual a estrague...?

En Santa Marta / Choupana / Vidán

61,5 % preferiría outro tipo de turista (100 % entre 30-49 anos). Nesta Zona, 100 % de quen gostaba máis da cidade antes, preferiría outro tipo de turista, fronte ao 66,7 % de homes e 75 % de mulleres que gostan máis da cidade agora e NON preferen outro tipo de turista.

En **San Pedro**, 47,1% das persoas preferiría outra clase de turista e 52,9% non, sendo as máis críticas co tipo de turismo aquelas que máis gostan da cidade actual (54,5% vs. 45,5%) - no cal destacan os homes, con 66,7% (frente a 50% as mulleres), aínda que, globalmente, as mulleres alcanzan 50% de preferencia por outro tipo de turista, frente a 42,9% dos homes. Non sabemos se, neste caso, é excesivo afirmar que, gostando máis agora da cidade, temen que o tipo de turista actual a estrague...

San Pedro: Tabela cruzada “Preferiría outro tipo de turista *Gostaba máis da cidade antes ou agora *Home/Muller”						
			Gostaba máis da cidade antes ou agora			Total
			Gostaba máis antes	Gosto igual agora que antes	Gosto máis agora	
Home	Preferiría outro tipo de turista?	Si		50%	66,7%	42,9%
		Non	100%	50%	33,3%	57,1%
	Total		100%	100%	100%	100%
Muller	Preferiría outro tipo de turista?	Si	50%		50%	50%
		Non	50%		50%	50%
	Total		100%		100%	100%
Total	Preferiría outro tipo de turista?	Si	25%	50%	54,5%	47,1%
		Non	75%	50%	45,5%	52,9%
	Total		100%	100%	100%	100%

San Pedro: Tabela cruzada “Preferiría outro tipo de turista *Gostaba máis da cidade antes ou agora *Grupo de idade”						
Grupo de idade			Gostaba máis da cidade antes ou agora?			Total
			Gostaba máis antes	Gosto igual agora que antes	Gosto máis agora	
De 30 a 49 anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si			50%	33,3%
		Non	100%		50%	66,7%
	Total		100%		100%	100%

De 50 a 64 anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si		100%	66,7%	75%
		Non			33,3%	25%
	Total				100%	100%
De 65 ou máis anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si	50%		50%	42,9%
		Non	50%	100%	50%	57,1%
	Total			100%	100%	100%
Total	Preferiría outro tipo de turista?	Si	25%	50%	54,5%	47,1%
		Non	75%	50%	45,5%	52,9%
	Total			100%	100%	100%

Tabela 27: San Pedro – Preferencia por tipo de turismo, gosto pola cidade, home / muller e idade
Fonte: Elaboración propia

Por idades, 100% das persoas de 30 a 49 anos que gostaba máis da cidade antes NON preferiría outro tipo de turista e todas aquelas de entre 50 a 64 anos que gostaban da cidade tanto antes como agora SI preferiría outros turistas. As persoas desta última faixa etaria comparten esa preferencia co 66,7% das persoas que gostan máis da cidade agora. Quen gostaba máis da cidade antes é quen menos quere mudar de tipo de turista (75% vs. 25%).

Estes resultados contrastan fortemente cos de **Santa Marta / Choupana / Vidán**, onde se encontran quen máis opinión crítica teñen co tipo de turista (61,5% preferiría outro tipo de turista). Nesta zona, 100% de quen gostaba máis da cidade antes –tanto homes como mulleres– SI preferiría outro tipo de turista, fronte a 66,7% de homes e 75% de mulleres que gostan máis da cidade agora e NON preferen outro tipo de turista.


Santa Marta / Choupana / Vidán. Tabela cruzada “Preferiría outro tipo de turista *Gostaba máis da cidade antes ou agora *Home/Muller”						
			Gostaba máis da cidade antes ou agora?			Total
			Gostaba máis antes	Gosto igual agora que antes	Gosto máis agora	
Home	Preferiría outro tipo de turista?	Si	100%	100%	33,3%	75%
		Non			66,7%	25%
	Total			100%	100%	100%

Muller	Preferiría outro tipo de turista?	Si	100%		25%	40%
		Non			75%	60%
	Total			100%		100%
Total	Preferiría outro tipo de turista?	Si	100%	100%	28,6%	61,5%
		Non			71,4%	38,5%
	Total			100%	100%	100%
Santa Marta / Choupana / Vidán. Tabela cruzada “Preferiría outro tipo de turista *Gostaba máis da cidade antes ou agora *Grupo de idade”						
Grupo de idade			Gostaba máis da cidade antes ou agora?			Total
			Gostaba máis antes	Gosto igual agora que antes	Gosto máis agora	
De 30 a 49 anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si	100%	100%	50%	77,8%
		Non			50%	22,2%
	Total			100%	100%	100%
De 50 a 64 anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si		100%		100%
	Total			100%		100%
De 65 ou máis anos	Preferiría outro tipo de turista?	Non			100%	100%
	Total				100%	100%
Total	Preferiría outro tipo de turista?	Si	100%	100%	28,6%	61,5%
		Non			71,4%	38,5%
	Total			100%	100%	100%

Tabela 28: Santa Marta / Choupana / Vidán – Preferencia por tipo de turismo, gosto pola cidade, home / muller e idade
Fonte: Elaboración propia

Por idades, a cousa é máis rotunda aínda nesta zona: 100% de quen ten entre 30 e 49 anos e gostaba máis da cidade antes ou tanto antes como agora SI preferiría outro tipo de turista. O mesmo ocorre coa faixa de 50-64 anos, que só presenta persoas a quen a cidade gusta tanto agora como antes, cuxo

100% preferiría outro tipo de turista. En Santa Marta / Choupana / Vidán reequilibra as cousas quen gosta máis da cidade agora: 50% das persoas 30 a 49 anos e 100% de persoas maiores de 65 preferen este tipo de turista.



Na terceira zona máis crítica, a **Zona Vella**, as cousas corren de modo intermedio ás anteriores. O continxente máis relevante de persoas que preferirían outro tipo de turista é quen gostaban máis da cidade antes; e, dentro del, 100% dos homes (frente a só 40% das mulleres) que manifestaron gostar máis da cidade antes. Son homes tamén quen, gostando máis da cidade agora, preferirían outro tipo de turista: 75% fronte (case simetricamente, no lado contrario) a 71,4% de mulleres que, gostando máis da cidade agora, NON preferirían outro tipo de turista. En xeral, como se ve, as cousas están moi igualadas (48,4% preferiría outro tipo de turista; 51,6% non).

Zona Vella. Tabela cruzada “Preferiría outro tipo de turista *Gostaba máis a cidade antes ou agora *Home/Muller”						
			Gostaba máis da cidade antes ou agora?			Total
			Gostaba máis antes	Gosto igual agora que antes	Gosto máis agora	
Home	Preferiría outro tipo de turista?	Si	100%	50%	75%	72,7%
		Non		50%	25%	27,3%
	Total		100%	100%	100%	100%
Muller	Preferiría outro tipo de turista?	Si	40%	37,5%	28,6%	35%
		Non	60%	62,5%	71,4%	65%
	Total		100%	100%	100%	100%

			Gostaba máis da cidade antes ou agora?			Total
			Gostaba máis antes	Gosto igual agora que antes	Gosto máis agora	
Total	Preferiría outro tipo de turista?	Si	62,5%	41,7%	45,5%	48,4%
		Non	37,5%	58,3%	54,5%	51,6%
	Total		100%	100%	100%	100%

Tabela 29: Zona Vella – Preferencia por tipo de turismo, gosto pola cidade e home / muller.
Fonte: Elaboración propia

Na Zona Vella non encontramos ninguén de 30 a 49 anos que gostase máis da cidade antes e preferise outro tipo de turista (é claro que desta idade hai moi poucas persoas residentes!); máis existen persoas, entre as entrevistadas desta faixa, que gostaban tanto agora ou máis agora, producíndose un fenómeno similar ao de San Pedro: 100% destas últimas e 66,3% daquelas preferirían outro tipo de turista. Esta é unha constante que se mantén na faixa seguinte, de 50 a 64 anos, na cal 75% de quen gusta máis agora da cidade preferiría outro tipo de turista. Igualmente, encóntrase a coñecida constante de que son as persoas maiores de 65 anos quen máis gustan do tipo de turista actual, mais só para quen gusta máis da cidade agora: 83,3% de quen gusta máis da cidade agora NON preferiría outro tipo de turista, fronte a quen, nestas idades, manifesta que gostaba tanto antes como agora, que prefere a 100% outro tipo de turista (e a 66,7% cando se trata de quen gostaba máis antes).

Zona Vella. Tabela cruzada “Preferiría outro tipo de turista *Gostaba máis a cidade antes ou agora *Grupo de idade”						
Grupo de idade			Gostaba máis da cidade antes ou agora?			Total
			Gostaba máis antes	Gosto igual agora que antes	Gosto máis agora	
De 30 a 49 anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si		66,7%	100%	75%
		Non		33,3%		25%
	Total			100%	100%	100%

De 50 a 64 anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si	50%	25%	75%	43,8%
		Non	50%	75%	25%	56,3%
	Total			100%	100%	100%
De 65 ou máis anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si	66,7%	100%	16,7%	40%
		Non	33,3%		83,3%	60%
	Total			100%	100%	100%
Total	Preferiría outro tipo de turista?	Si	57,1%	41,7%	45,5%	46,7%
		Non	42,9%	58,3%	54,5%	53,3%
	Total			100%	100%	100%

Tabela 30: Zona Vella – Preferencia por tipo de turismo, gosto pola cidade e idade
Fonte: Elaboración propia

A **Ponte Pedriña** é a outra zona máis refractaria ao tipo de turista actual. Das dez persoas aí entrevistadas sobre o asunto, son as mulleres que gostaban máis da cidade antes as que fundamentalmente preferen outro tipo de turista (66,7%), fronte a 33,3% de homes que tamén gostaban máis da cidade antes. Tamén son mulleres e que preferen a cidade agora quen manifesta total preferencia (100%) polo tipo de turista actual. Por idade, é quen ten entre 50 e 64 anos e gostaba máis da cidade antes quen declara preferir outra clase de turista (75%), fronte ás persoas de entre 30 e 49 anos que, gostando da cidade actual, están satifeitas (100%) co turismo que chega.

Ponte Pedriña. Tabela cruzada "Preferiría outro tipo de turista *Gostaba máis a cidade antes ou agora *Home/Muller"					
HOME / MULLER			Gostaba máis da cidade antes ou agora?		Total
			Gostaba máis antes	Gosto máis agora	
Home	Preferiría outro tipo de turista?	Si	33,3%		33,3%
		Non	66,7%		66,7%
	Total			100%	

Muller	Preferiría outro tipo de turista?	Si	66,7%		57,1%
		Non	33,3%	100%	42,9%
	Total			100%	100%
Total	Preferiría outro tipo de turista?	Si	55,6%		50%
		Non	44,4%	100%	50%
	Total			100%	100%
Ponte Pedriña. Tabela cruzada “Preferiría outro tipo de turista *Gostaba máis da cidade antes ou agora *Grupo de idade”					
IDADE		Gostaba máis da cidade antes ou agora?			Total
		Gostaba máis antes	Gosto máis agora		
De 30 a 49 anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si	50%		40%
		Non	50%	100%	60%
	Total			100%	100%
De 50 a 64 anos	Preferiría outro tipo de turista?	Si	75%		75%
		Non	25%		25%
	Total			100%	
De 65 ou máis anos	Preferiría outro tipo de turista?	Non	100%		100%
	Total			100%	100%
Total	Preferiría outro tipo de turista?	Si	55,6%		50%
		Non	44,4%	100%	50%
	Total			100%	100%

Tabela 31: Ponte Pedriña – Preferencia por tipo de turismo, gosto pola cidade, home / muller e idade
Fonte: Elaboración propia

En síntese, pode verse que – aínda dentro da crítica ao turismo – as opinións manifestadas son diferentes e cabe relacionalas con situacións diversas e variadas percepcións en relación aos impactos e transformación da cidade. No caso de San Pedro – atravesado polo acceso máis frecuentado das rotas de peregrinación – parece pesar de modo inmediato a relación cotidiana con determinado tipo de turista, de forma a motivar un pensamento (máis) xeral sobre a clase de turismo e os seus impactos na cidade. O feito de 61,5% de as persoas de Santa Marta / Choupana / Vidán declararen preferir outro tipo de turista – representando a máis crítica das posicións, no conxunto – e, ao mesmo tempo, notaren menos alteración dos seus modos de vida por causa do turismo pode parecer paradoxal; mais esa disimilitude talvez sexa explicábel porque o maior peso habitacional se encontra en Santa Marta, área caracterizada polo seu propio mundo viciñal menos através dos moradores de longa data e orixinarios do bairro do que pola fixación de abundantes persoas que con anterioridade facían vida na Zona Vella, cuxo perfil (e vivencias previas) leva a manter posicións críticas fronte aos efectos do turismo. Relativamente á Zona Vella, cabe asinalar a particularidade de que a visión máis crítica é aquela manifestada por homes de 65 e máis anos –lémbrese que é especialmente nesta faixa de idade superior onde o tipo de turista actual encontra maior favor–, probabelmente motivada pola afectación que a concentración turística nesa área provoca na vida do día a día.

Cos datos da actualización, confírmase unha tendencia (2018): quen gostaba máis da cidade antes tende a preferir outro tipo de turista; quen gosta máis da cidade agora e ten menos de 65 anos parece querer conservala do turismo, nas zonas máis en contacto con este. A excepción encóntrase na faixa de idade superior, en xeral máis conformada coa cidade actual e o seu turismo.

V.

A comunicación, a interacción e o retorno no proceso de transferencia da investigación presentado en forma expositiva

Considerando a importancia que a Rede Galabra atribuí á publicitación das actividades através das cales toma forma a transferencia da investigación realizada –neste caso concreto, en relación cos tres proxectos expositivos e interconectados para dar conta de numerosísimos datos e abundantes análises respecto ao caso de Santiago de Compostela, a partir de entrevistas a visitantes, comerciantes e residentes da cidade–, os diversos pasos que se foron dando desde os inicios de outubro de 2019 ficaron rexistrados e divulgados polos membros da equipa de pesquisa na páxina web e no Facebook de Galabra (inclusive a inauguración oficial do conxunto das mostras, axendada para 3 de outubro de 2019, que por erro loxístico alleo a nós non puido producirse no momento).

En contraste, podemos afirmar que nos medios de comunicación foi escaso o eco directo das exposicións sectoriais, limitándose a pequenas notas meramente informativas que só aparecen (a mediados de novembro e publicitando a extensión aos centros socioculturais de Conxo e Vite) na páxina web do Concello e na publicación local *Compostela 24 horas* (en ambos os casos, ilustradas con fotografías propias de Galabra), ben como na edición compostelana do xornal *La Voz de Galicia*.

1) CENTROS SOCIOCULTURAIS "A cidade, o Camiño e nós, nos centros socioculturais".

Santiagodecompostela.gal, 18.11.2019

A veciñanza de Santiago pode achegarse aos centros socioculturais e desfrutar ata finais de xaneiro do proxecto expositivo *A cidade, o Camiño e nós*, sobre a identidade da cidadanía de Santiago de Compostela e a xente que a visita, organizada pola Rede Galabra da USC coa colaboración do Concello de Santiago.

O proxecto conta con tres exposicións sectoriais: "A cidade e quen a habita", "A cidade e quen a visita" e "A cidade e os seus espazos comerciais". A mostra presenta algúns resultados da investigación que Galabra está a realizar dende o ano 2008 sobre os impactos do Camiño de Santiago na cidade.

As exposicións poden visitarse nestes momentos nos centros socioculturais das Fontiñas, do Ensanche e de Conxo e en datas próximas chegarán tamén ao CSC de Vite. Xa pasaron polo CSC do Castiñeirinho.

Calendario de exposicións:

- "A cidade e quen a habita", do 18 ao 30 novembro no CSC de Conxo, e do 3 ao 18 de decembro no CSC de Vite.

- "A cidade e quen a visita", do 20 ao 30 novembro no CSC do Ensanche, do 4 ao 13 de decembro no CSC de Conxo, e do 18 ao 31 de decembro no CSC de Vite.

- "A cidade e a actividade comercial", do 20 ao 30 de novembro no CSC das Fontiñas, do 16 ao 30 de decembro no CSC do Ensanche, do 3 ao 17 xaneiro no CSC de Conxo e do 17 ao 25 xaneiro no CSC de Vite.

http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?lg=gal&id_nova=19066

2) "A cidade, o Camiño e nós, chega aos centros socioculturais da cidade". *Compostela 24 horas.*

19.11.2019.

O proxecto conta con tres exposicións sectoriais: "A cidade e quen a habita", "A cidade e quen a visita" e "A cidade e os seus espazos comerciais"

A veciñanza de Santiago pode achegarse aos centros socioculturais e desfrutar ata finais de xaneiro do proxecto expositivo *A cidade, o Camiño e nós*, sobre a identidade da cidadanía de Santiago de Compostela e a xente que a visita, organizada pola Rede Galabra da USC coa colaboración do Concello de Santiago.

O proxecto conta con tres exposicións sectoriais: "A cidade e quen a habita", "A cidade e quen a visita" e "A cidade e os seus espazos comerciais". A mostra presenta algúns resultados da investigación que Galabra está a realizar dende o ano 2008 sobre os impactos do Camiño de Santiago na cidade.

As exposicións poden visitarse nestes momentos nos centros socioculturais das Fontiñas, do Ensanche e de Conxo e en datas próximas chegarán tamén ao CSC de Vite. Xa pasaron polo CSC do Castiñeirinho.

CALENDARIO DE EXPOSICIÓNS

- "A cidade e quen a habita", do 18 ao 30 novembro no CSC de Conxo, e do 3 ao 18 de decembro no CSC de Vite.

- "A cidade e quen a visita", do 20 ao 30 novembro no CSC do Ensanche, do 4 ao 13 de decembro no CSC de Conxo, e do 18 ao 31 de decembro no CSC de Vite.

- "A cidade e a actividade comercial", do 20 ao 30 de novembro no CSC das Fontiñas, do 16 ao 30 de decembro no CSC do Ensanche, do 3 ao 17 xaneiro no CSC de Conxo e do 17 ao 25 xaneiro no CSC de Vite.

<https://www.compostela24horas.com/texto-diario/mostrar/1637107/cidade-camino-e-nos-chega-aos-centros-socioculturais-da-cidade>

3) **“Los centros socioculturales abren un proyecto sobre identidad de los santiagueses”**. *La Voz de Galicia*, 19.11.2019.

Los centros socioculturales de Santiago ofrecen hasta finales de enero un proyecto expositivo sobre la identidad de los vecinos de la ciudad y la gente que visita Compostela. Esa muestra, *A cidade, o Camiño e nós*, está organizada por la Rede Galabra de la USC con la colaboración del Concello.

El proyecto cuenta con tres exposiciones sectoriales, dedicadas a la ciudad y quien la habita, quien la visita y a sus espacios comerciales. La muestra presenta, además, algunos resultados de la investigación que Galabra está realizando desde el año 2008 sobre los impactos del Camino de Santiago en la ciudad. Las exposiciones pueden visitarse en los centros socioculturales de Fontiñas, el Ensanche y Conxo, tras completar su período de apertura en el de O Castiñeirío. En fechas próximas podrá ser visitada también en el centro sociocultural de Vite. En concreto, desde ayer y hasta el día 30 puede visitarse en Conxo la exposición *A cidade e quen habita*, que estará en Vite del 3 al 18 de diciembre.

Disponible en

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2019/11/19/centros-socioculturales-abren-proyecto-sobre-identidad-santiagoenses/0003_201911519C6992.htm

Con posterioridade á finalización do proxecto expositivo no seu conxunto, aínda se encontra algunha pegada na circulación de informacións relacionadas coa investigación que através dela era transferida. Así, por exemplo, detectamos o eco do seu uso por parte de representantes do Bloque Nacionalista Galego no Concello, con motivo da presentación do “Plan Especial para a protección das Brañas de Sar”, en noticia de 23 de setembro de 2020 publicada en *El Correo Gallego*, facendo referencia á mudanza nos gustos compostelanos detectada na nosa pesquisa –en termos de certo abandono dos espazos históricos e de refuxio nos parques– e ao valor tanto ecolóxico como social dos espazos verdes, que aínda se ve reforzado nas excepciónais circunstancias pandémicas da actualidade.

De acordo co compromiso adquirido coas entidades veciñais nun encontro anterior –no cal tiña sido presentada a primeira parte do proxecto expositivo–, unha vez que as tres exposicións temáticas estiveron en circulación e accesíbeis para visitar, a equipa de investigación convocou estas asociacións de Compostela para unha nova reunión, que aconteceu no día 3 de decembro de 2019.

22 de novembro de 2019

Convite para reunión; estudos sobre a cidade: habitantes, visitantes e actividades comerciais

Prezadas/os Sras/Sres, responsábeis da AA.VV,

No pasado mes de maio, tivemos oportunidade de presentar-lles a exposición *A Cidade, o Camiño e Nós*, que estivo instalada no Paseo da Ferradura entre 9 de maio e 10 de xullo e que poden ver en redegalabra.org, con parte dos resultados dos nosos proxectos de investigación.

Igualmente, presentamos o conxunto de actividades paralelas que iríamos desenvolver. Entre elas, mesas redondas que contaron coa participación de varias entidades veciñais.

Naquela reunión e nesas mesas, asumimos o compromiso que nos foi solicitado de facer unha convocatoria neste trimestre a todas as asociacións que servise de espazo de encontro entre elas, aproveitando a nova fase expositiva que comezaríamos neste período. Esa nova fase xa está en andamento (retrásáronse a outubro por causa da mudanza no goberno municipal e a extensión temporal da exposición central) con 3 exposicións sectoriais, que están circulando por varios centros socioculturais do concello. Esas exposicións levan por título:

A cidade e quen a habita

A cidade e quen a visita

A cidade e a actividade comercial

E, a partir de febreiro, estarán ao dispor das entidades que o soliciten

Queremos agora, por este medio, convidar a súa AA.VV. para un encontro coas entidades veciñais para presentar-lles estas exposicións, que conteñen datos desagregados por bairros e zonas do concello e maior detalle dos resultados presentados na exposición da Ferradura. E, ao mesmo tempo, atender ás súas cuestións, observacións, críticas ou suxestións que queiran facernos e colocarnos ao seu dispor. O encontro servirá, igualmente se así o desexaren, como ese espazo de encontro a que antes aludíamos.

Esta terá lugar no **día 3 de decembro, ás 19.45 horas no Seminario D15 da Facultade de Filoloxía, na Avenida de Castelao.**

Entretanto, estamos ao seu dispor neste enderezo de e-correo, ou no número 881811782 da USC.

Duración aproximada do encontro: 1h. 30 minutos.

Agradecendo anticipadamente a súa atención e presenza, reciban unha cordial saudación.

Agradecemos igualmente confirmación da recepción deste e-correo e da súa eventual asistencia.

Cordialmente

O Coordinador dos Proxectos

Elias J. Torres Feijó

Tratábase de continuar o diálogo con elas, aproveitando para presentar os novos resultados da investigación conforme se tiñan plasmado nos materiais expositivos, organizados tematicamente e pondo o foco en residentes, en visitantes e, tamén, na actividade comercial como espazo destacado de intersección entre quen habita a cidade e quen a visita.

Conforme foi comunicado oralmente nessa reunión e, posteriormente, por escrito através de correo electrónico enviado a todos os contactos das asociacións veciñais, tanto as exposicións temáticas como o persoal investigador foron colocados á disposición do asociativismo compostelano e outras entidades sociais e culturais, sob demanda, a partir de febreiro de 2020, unha vez concluído o plano de circulación polos Centros Socioculturais deseñado polo Concello.

14 de xaneiro de 2020

Disponíbeis exposicións sobre a cidade/concello, a actividade comercial e visitantes/turistas

Prezadas/os Sras/Sres, responsábeis da AA. VV.,

Concluída no final deste mes a fase de itinerancia 3 exposicións sectoriais,

A cidade e quen a habita

A cidade e quen a visita

A cidade e a actividade comercial

que están circulando por varios centros socioculturais do concello, serán colocadas, a partir de febreiro, **ao dispor das entidades que o solicita ren**. Teñen detalles das mesmas en redegalabra.org e no Facebook da Rede Galabra.

Estas mostras conteñen datos desagregados por bairros e zonas do concello e maior detalle dos resultados presentados na exposición da Ferradura nos meses de maio a xullo pasados.

Poden ser solicitadas para a súa exhibición gratuíta nos locais que consideraren oportunos, sempre so a responsabilidade da entidade solicitante, que será tamén responsábel do transporte, montaxe e desmontaxe e conservación dos materiais: estes están feitos en Lyxprint, un material similar ao 'cartón pluma' mais cun pouco máis de resistencia e menos peso (poden verse no Facebook da Rede Galabra o número e detalles deles pendurados).

O equipo do Grupo Galabra dispónzase para dar unha charla ou participar nun debate sobre as mesmas se así o desexaren. Atenderemos as solicitudes por orde de recepción das mesma neste e-correo: eliasjose.torres@usc.es.

Nelas deben incluírse a/s exposición/s solicitada/s e o período para o cal se solicita/n. Os materiais están depositados na Facultade de Filoloxía da USC, na Avenida de Castelao.

Máis nada, estamos - como sempre - ao voso dispor.

Cordialmente

O coordinador dos proxectos

Elias J. Torres Feijó

Para a valorización do proceso de compartillamento de resultados e traballo con entidades, axentes e persoas interesadas no proceso, pode destacarse unha certa continuación da dinámica de participación e activación sociais desenvolvidas de modo forte en relación e á volta da denominada exposición central intitulada *A Cidade, o Camiño e Nós* (conforme pode comprobarse no volume do mesmo título e que ten como subtítulo *Desenvolvemento do proxecto expositivo e participación social en Santiago de Compostela*). A equipa de investigación deseñou unha serie de actuacións e iniciativas con este fin, nas cales se envolveu especialmente o persoal investigador residente en Compostela, contribuíndo para a interacción e para a difusión dos contidos na medida das posibilidades:

- de acordo coa lóxica de aproximación das informacións de potencial interese á cidadanía de Compostela, xa apuntada, o período inicialmente combinado para disponibilización da serie expositiva, que era de tres meses, pasou para catro (outubro 2019 - xaneiro 2020), coa inclusión de dous Centros Socioculturais máis (subindo de tres a cinco o número de locais), con respecto ao inicialmente planificado;
- acompañamos a rotación das exposicións temáticas tanto para publicitalas através da páxina web e do Facebook da Rede Galabra como para

documentalas graficamente, a fin de disponibilizar en liña materiais de consulta que permitan ben revis(it)ar os paineis e as informacións neles recollidas, no caso de telas visto, ben ter acceso por primeira vez ao coñecemento dos contéudos, noutro caso;

- elaboramos un inquérito de opinión que, adaptando o modelo usado na Exposición Central, visaba coñecer os pareceres das persoas locais con respecto ao interese polas informacións comunicadas e polo tipo de investigación aí reflectida, así como en relación á comprensión dos contéudos e ao desfrute e carácter recomendábel da mostra. Para alén de ser disponibilizado en formato papel –impreso en fotocopias para seren depositadas nunha pequena urna coa lexenda “A súa opinión?”–, o cuestionario podía ser respondido dixitalmente através do acceso por lectura dun código QR;

Valore esta exposición, por favor:

O obxectivo é coñecer a súa opinión ao respecto desta exposición e sobre algúns dos elementos que nela se abordan. As súas respostas serán confidenciais e só serán utilizadas aos efectos de análise. Os resultados que se obteñan só serán presentados de xeito agregado.

A Rede GALABRA/Universidade de Santiago de Compostela AGRADECE A SÚA COLABORACIÓN

Valore de 1 a 8 o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións (onde 1 significa TOTAL DESACORDO e 8 significa ACORDO TOTAL)

Esta exposición pareceume interesante	1	2	3	4	5	6	7	8
Os resultados desta investigación sorprendéronme	1	2	3	4	5	6	7	8
Esta exposición aborreceume	1	2	3	4	5	6	7	8
Comprendín os contidos desta exposición	1	2	3	4	5	6	7	8
Non se debería gastar diñeiro neste tipo de estudos	1	2	3	4	5	6	7	8
Estou satisfeita/o con ter asistido a esta exposición	1	2	3	4	5	6	7	8
Recomendarei esta exposición a outras persoas	1	2	3	4	5	6	7	8
Creo que este tipo de investigacións son útiles para a sociedade	1	2	3	4	5	6	7	8
Gustaríame que máis investigadoras/es expuxesen resultados deste xeito	1	2	3	4	5	6	7	8

Se desexa facer algún comentario (algún asunto que considere que tería que investigarse, algún resultado que lle parecera interesante, algunha explicación alternativa aos resultados, ...) por favor, utilice este espazo:

SOBRE VOSTEDE

Lugar de residencia

Santiago. Barrio_____

Concellos limítrofes de Santiago. Concello_____

Idade_____ anos

Muller Home

Situación laboral Estudiante Desempregada/o Xubilada/o En activo

POR FAVOR, CANDO CONCLÚA, DEPOSITE ESTE INQUÉRITO NA CAIXA ANEXA

AGRADECEMOS DE NOVO POLA SÚA COLABORACIÓN

- unha vez finalizada a itinerancia expositiva, a Rede Galabra e o grupo de investigación Galabra da USC organizaron, complementariamente, o *Concurso de Fotografía “Como inflúe o Camiño de Santiago na túa vida diaria? A cidadanía (re)pensa o Camiño*, convocando as persoas de Santiago de Compostela para participaren neste concurso con motivo da exposición *A Cidade, o Camiño e Nós*. A actividade chegou a ser lanzada e publicitada pouco antes de que o impacto do coronavirus determinase a adopción, en mediados de marzo de 2020, das excepcionais medidas de confinamento que vivimos durante varios meses e que, obviamente, truncaron a (participación na) iniciativa. Estaba previsto manter a convocatoria aberta entre 06.03.2020 e 02.04.2020, para recepción –de acordo coas bases do concurso– da(s) fotografía(s) realizada(s) por residentes (até tres por persoa) en relación co mote, xunto con unha serie de datos solicitados, através do correo redegalabra@gmail.com (máis información en <https://bit.ly/39yNrnK>).

En conxunto, aínda que constatamos unha certa activación de determinadas persoas, especialmente implicadas en procesos asociativos e preocupadas por levar para o debate de proximidade as cuestións máis sensíbeis identificadas no enorme corpus en que se apoiou esta investigación, tamén detectamos unha clara limitación, en termos de proactividade, ao observar os resultados obtidos con relación ás diversas posibilidades de participación e interacción pensadas e deseñadas para esta serie de exposicións. Neste sentido, cabe apuntar que, dentro do período en que as exposicións sectoriais se encontraban en circulación nos centros socioculturais, o grupo Galabra disponibilizouse para acompañalas con charlas ou encontros a axendar en función do interese dos propios centros ou de colectivos veciñais e de usuarias ligados aos mesmos, mais non foi solicitada ningunha intervención deste tipo; tampouco houbo pedidos para atender, nesta liña, por parte das autoridades do Concello –a pesar da valorización inicial do manancial informativo representado polo enorme corpus que as pesquisas construíron para a súa exploración.

En termos de participación individual, apuntamos que a resposta ao cuestionario de visita ás exposicións foi nula na versión dixital e practicamente inexistente en papel. Entendemos que isto pode asociarse a unha asistencia de público que non foi toda a que desexaríamos, en parte ligada a limitacións de publicitación das Exposicións Sectoriais. Mais tal vez este tipo de participación non teña sido favorecida pola disposición das mostras –decidida no Concello– para exhibición en áreas dos Centros Socioculturais que coincidían, de modo maioritario, con espazos de acceso e de circulación de público para (outras) actividades. Ademais, notouse a existencia de algúns problemas de dispoñibilidade –en certos momentos e centros– por desaparecemento

de algúns dos materiais ou atraso no fornecimento deles. Sexa como for, os escasísimos formularios preenchidos que se recolleron non permiten tirar conclusións, mais axudan a constatar –se non o desinterese nas actividades participativas– un certo uso desta vía para vehicular protestos ou malestar de diversa índole, conforme se asinala nas valorizacións equivalentes relacionadas coa Exposición Central, no volume *A Cidade, o Camiño e Nós*.

De outro punto de vista, en forma de retorno positivo e de retroalimentación comunitaria para a pesquisa, convén subliñar que en momentos diferentes houbo dúas entidades asociativas a entrar en contacto con Galabra:

1) cando aínda se encontraban en proceso de finalización os materiais expositivos pormenorizando elementos relacionados cos espazos comerciais e coas visións e prácticas tanto das persoas visitantes como das residentes, en mediados de setembro de 2019, a Asociación Raigame do Ensanche trasladou ao grupo de investigación, por correo electrónico, unha iniciativa propia para a cal manifestaba o interese de contar con elementos da pesquisa realizada:

Bo día Elías!

Seguindo co traballo de cohesión social que estamos a facer dende Raigame, decidimos facer 5 mesas redondas públicas sobre os temas que preocupan á Zona Nova compostelá e así permitir que a cidadanía opine e participe.

Quixéramos que poideras asistir a todas elas e, de non ser ti, que poidera vir calquera persoa da Rede Galabra para dar a coñecer as conclusións da vosa investigación en cada un dos temas que trataremos.

O convite reférese á participación de membros da equipa de Galabra en diversas mesas redondas que, co título xeral de “A cidade que queremos”, formulan un proxecto da Asociación de Veciñas e Veciños Raigame en forma de ciclo de seis mesas redondas coas que perseguen “axudar a definir a Compostela moderna que queremos para o futuro”. Na súa concepción foron presentadas como mesas interdisciplinares nas cales dar voz á cidadanía, á sociedade civil e ás institucións “para así ter unha visión máis rica en matices que axuden a chegar a solucións integradoras”.

Por diversos motivos, finalmente a implicación de persoal de Galabra nos debates foi efectuada en dous dos encontros axendados no mes de outubro de 2019: o que tocou un asunto sensíbel e de actualidade, relacionado co impacto dos usos turísticos no acceso á vivenda na cidade, e o que se centrou nas cuestións do comercio, tocando aspectos económicos e de lexislación, mais tamén relacionados cos modos de vida, cos hábitos e coa sustentabilidade, conforme rexistramos nas correspondentes reseñas publicadas na páxina da Rede Galabra.

Mesas Redondas

17 de outubro de 2019: "**Vivenda, aluguer e pisos turísticos; unha cuestión social**".

Mercedes Rosón, Concelleira de Urbanismo. Elías J. Torres Feijó, Grupo Galabra da USC. José Antonio Seijas, Presidente da Asociación Comercio.Compostela. Ramón García Seara, Xerente de Hostalería Compostela. Rafael Rey, Secretario da Asociación Galega de Inmobiliarias AGALIN. Roberto Almuiña, Presidente da Asociación de Veciños Fonseca. Modera: AAVV Raigame.

Reseña en <https://redegalabra.org/elias-torres-participou-na-mesa-redonda-de-raigame-vivenda-aluguer-e-pisos-turisticos-17-10-2019/>

29 de outubro de 2019: "**O comercio local que queremos**".

Xosé Sánchez Bugallo, Alcalde de Santiago. M. Felisa Rodríguez Prado, Grupo Galabra da USC. José Antonio Seijas, Asociación Comercio.Compostela. Xoán Bascuas, representante das persoas consumidoras da Zona Nova. Modera: AAVV Raigame.

Reseña en <https://redegalabra.org/m-felisa-rodriguez-prado-participa-na-mesa-redonda-de-raigame-o-comercio-local-que-queremos-29-10-2019/>

2) unha vez finalizada a itinerancia expositiva e comunicada a disposición dos materiais e da equipa de investigación para se deslocaren a pedido das asociacións locais, case inmediatamente Galabra foi contactada, en mediados de febreiro de 2020, pola Plataforma de Galeras –que estivo representada en todos os encontros co asociativismo convocados para compartir resultados e presentar os proxectos de exposicións–, interesada en albergar a presentación.

Estimado Elías: A Asociación de Veciños Plataforma de Galeras na reunión ordinaria que tivemos o pasado día 10, manifestou o seu interese en convidar ao Grupo Galabra para dar a coñecer a veciñanza os resultados do traballo de investigación das exposicións que levan por título: **A cidade e quen a habita, A cidade e quen a visita, A cidade e a actividade comercial**.

No caso de poder contar coa súa presenza e tendo en conta que non dispoñemos de local social propio, pensamos na posibilidade de realizalo, previa autorización da USC, na Casa de Europa como xa temos feito outros actos da Asociación. En canto ás datas pensamos no mes de marzo en algún destes días: 14/15/17. De calquera maneira adaptariámonos a súa dispoñibilidade

Á espera da súa resposta, reciba un cordial saúdo,

Secretario da Asociación

O convite foi, naturalmente, respondido de modo positivo. Porén, antes de poder realizarse a actividade foi declarado o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, de tal modo que ficou suspensa, á espera dunha melloría das condicións que permita o encontro ou dunha adaptación do formato que aínda non aconteceron.

Finalmente, na liña do Compromiso Social Investigador que vén sendo definido e practicado dentro da Rede Galabra, podemos destacar como, con respecto ás participacións públicas en debates, foron estabelecidos, neste caso e no seo da equipa de investigación, uns breves criterios de intervención que contemplaban os seguintes elementos:

1. o entendimento da nosa intervención no curso da colaboración con entidades locais e a partir do noso traballo investigador, que se centra na proposta de cohesión social (que é o que subxace na nosa pesquisa, en xeral);
2. as liñas para onde apunta o futuro do asunto concreto abordado, a partir da atención que lle teña sido dada nas nosas investigación e con apoio de datos, e as análises xa realizadas que poden contribuír para unha mellor comprensión da situación e, eventualmente, para tomadas de posición;
3. a importancia de facer notar a necesidade de investir en coñecer e analizar (e non só en promocionar);
4. a conveniencia de trasladar ás persoas presentes e interesadas elementos da nosa análise que poden resultar esclarecedores, tanto na tribuna como na platea, colocándoos de modo adecuado no debate;
5. a necesidade de citar estudos serios, rigorosos e contrastados sobre o asunto, apuntando os perigos de basearse apenas en datos divulgados através dos medios de comunicación ou de transmitir só opinións persoais ou comúns.

Por iso, para fechar este volume intitulado *Visitar, Comerciar e Habitar a Cidade* cumpre ter presente a importancia, en Compostela e en relación con este *Desenvolvemento do proxecto expositivo e participación social*, de dar a coñecer o pouco apego afectivo que vén sendo manifestado por un índice de compostelanidade que é crecentemente baixo, pois vai tendo consecuencias claras en termos de cohesión da comunidade santiaguesa e de (in)satisfacción identitaria colectiva.

Este volume pretende dar conta das tres exposicións temáticas que, inscritas no proxecto expositivo xeral *A Cidade, o Camiño e Nós*, serviron para transmitir á cidadanía compostelana (entre outubro de 2019 e xaneiro de 2020) os principais achados en relación ás diversas visións de Santiago e ás diferentes imaxes e prácticas de visitantes, habitantes e comerciantes de Compostela. A partir das informacións declaradas polas máis de 3.700 persoas que, respondendo a diversas entrevistas, colaboraron no desenvolvemento desta investigación realizada dentro da Rede Galabra, preséntanse aquí elementos que axudan a identificar os impactos – quer positivos, quer negativos – desas imaxes e prácticas na comunidade local compostelana. Así, colócanse cuestións de relevancia para conformar opinión informada sobre diversos aspectos da transformación experimentada por Santiago de Compostela nos tempos máis recentes... e para se pensar a cidade e a comunidade que queremos para o futuro.



www.redegalabra.org



Resultados parciais de proxectos de investigación.

Discursos, imaxes e prácticas culturais sobre Santiago de Compostela como meta dos Camiños de Santiago FF2012 - 35521.

Narrativas, usos e consumos de visitantes como aliados ou ameazas para o benestar da comunidade local: o caso de Santiago de Compostela. FF2017-88196-R.



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES



AGENCIA ESPAÑOLA DE INVESTIGACIÓN



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL

"Unha maneira de facer Europa"

ISBN 978-84-123076-9-6



9 788412 307696